



Revista da Rede Galega
de Teatros e Auditorios

Nº 2 / SETEMBRO 2007

De cando a lagarta tocou a lúa

Ernesto Chao e Rosa Álvarez, Lagarta Lagarta, continúan arriscando polo pracer de interpretar. Agora están de xira co seu espectáculo *As últimas lúas*

Ana Vallés

A autora das persoas

Martín Códax

Os sons medievais de Compostela

PISANDO OVOS


A conta atrás cara á estrea





FEIRA GALEGA DAS ARTES ESCÉNICAS 2007

Santiago de Compostela,
do 23 ao 27 de outubro



www.feiradasartescenicassantiago.com



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM

instituto galego
das artes escénicas
e musicais



Parabéns, porque se tes un exemplar de PARAÍSO nas mans é porque seguramente terás ido, polo menos unha vez, ao teatro da túa vila ou da túa cidade e asistirás a algunha representación. Se é así, terás entrado directamente no noso club, un espazo sen límites de ningún tipo, aberto ao encontro e a compartir a ilusión de todos os que contribuímos, dende as táboas do escenario ou diante delas, a que a maxia dos espectáculos ao vivo siga a continuar día a día.

PARAÍSO quere prestar a súa achega neste proceso, e sae por segunda vez ao teu encontro para seguir informando sobre os espectáculos que contén a programación 2007 da Rede Galega de Teatros e Auditorios, o circuito de exhibición escénica que promove a Consellaría de Cultura e Deporte a través do IGAEM (Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais), coa participación de 45 concellos e entidades. Os protagonistas artísticos desta programación, o seu xeito de traballo, as súas propostas creativas e demais informacións relacionadas sempre co ámbito da escena galega terán unha vez máis nestas páxinas un xeito directo de comunicación cos que xa son espectadores e cos que queremos que o sexan.

Despois do primeiro número, no pasado marzo, volvemos aparecer nestes días de setembro, apostando unha vez máis pola potencialidade da produción escénica galega, que enfrenta unha nova tempada, a de 2007-2008, que, como poderás comprobar no noso calendario central, se inicia nestes últimos meses do ano plena de actividade.

Naquel PARAÍSO inaugural, xa che dicíamos o que ías atopar en nós: distintas olladas aos mundos apaixonantes, dinámicos, atractivos e diversos da danza, do teatro, a música e a maxia de Galicia. Seguindo con esa teima, dende as páxinas desta segunda entrega faremos un percorrido “espectacular” a través do traballo da compañía Lagarta Lagarta, da figura e a obra de Ana Vallés, do teatro de monicreques do país, do Novo Circo Galego ou do pulo que está a tomar a nosa danza –velaquí os casos de compañías como Pisando Ovos ou Nova Galega de Danza–, e dos sons medievais que nos ofrece unha das máis importantes formacións galegas respecto á música tradicional: o Grupo de Música Antiga Martín Códax. Préstannos ademais o seu valioso comentario Dolores Vilavedra, profesora da Universidade de Santiago de Compostela, canto a teatro; e Natalia Balseiro, coordinadora do Centro Coreográfico Galego, no tocante á danza.

Esperamos que gocedes deste novo PARAÍSO e de toda a programación da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

De cando a lagarta tocou a lúa 4-6

Comentario. Dolores Vilavedra: *De todo, e para todos* 7



Os que manexan as cordas 11-13



ENTREVISTA
Ana Vallés 14-17


Máis alá do máis difícil aínda 18-19



Ponte en escena:
programación setembro - decembro 07 20-27



Nova Galega de Danza
A fusión fai a forza 28-29



Pisando Ovos:
A conta atrás cara á estrea 30-33

Comentario. Natalia Balseiro: *A casa-danza* 35

Grupo de Música Antiga Martín Códax:
Os sons medievais de Compostela 36-39



Breves / Dende o paraíso 40-41

PARAÍSO é unha revista semestral de información e promoción das actividades da Rede Galega de Teatros e Auditorios que se distribúe de xeito gratuito en espazos escénicos galegos.

EDITA: Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais.
Consellaría de Cultura e Deporte.

PRESIDENTA: Ánxela Bugallo Rodríguez.
VICEPRESIDENTE: Luís Bará Torres.
XERENTE: Miguel Martín Fernández.

COORDINACIÓN E CONTIDOS: Área de Comunicación do IGAEM.
TEXTOS: Noelia Hermida, Ana Rosales, Ana Miragaya.
COLABORAN NESTE NÚMERO: Dolores Vilavedra, Natalia Balseiro.

REVISIÓN LINGÜÍSTICA: Ramiro Combo.
FOTOGRAFÍAS: Jesús Vallinas, Ovidio Aldegunde, Uqui Permui, Janite,
cesións de compañías e arquivo do IGAEM.

DESEÑO E MAQUETACIÓN: Uqui IIIII Cebra.

Impresión: Litonor.
Tiraxe: 9.000 exemplares.

I.S.S.N.: 1887-8164 / D.L.: C 963-2007



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

IGAEM

instituto galego
das artes escénicas
e musicais

IGAEM Rúa da Vesada s/n.
San Lázaro. 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 577 126/28. Fax: 981 577 127
igaem@xunta.es / www.igaem.xunta.es



LOS DESASTRES DEL DINERO

Carlos Borsani y El Gad (Carlos Rafael Borsani Selva)

Autores: Carlos Borsani, Tizi Cifredo e Ramón Sanz
Dirección: Carlos Borsani / Elenco: Carlos Borsani, Tizi Cifredo, Ramón Sanz / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Historias cotiás de humor, cuxo eixe é o diñeiro e a súa relación coa familia (coas aventuras dun avogado especialista en divorcios), o traballo (onde se descobre a montaxe de dous famosos para saír na telelixo), a amizade (a catástrofe que produce o encontro de dous antigos compañeiros de instituto, un rico e outro pobre), e o amor (escena que desvela o misterioso defecto dunha herdeira millonaria), que culminan cun carrusel final sobre o euro.



ROSSO PROFONDO IN PUNTO DI MORTE

Teatro Galileo

Autor: Luigi Lunari / Dirección: Pedro Rubín
Elenco: Fernando Morán / Xénero: Teatro adultos

Por que valoramos a vida cando xa non a temos? Por que cando nos din que imos morrer atopamos o verdadeiro significado da vida a punto de extinguirse? Nesta obra o presidente dun país, logo de diagnosticarlle o seu médico unha doenza mortal, decide poñer en práctica todas as súas ilusións descubrindo novamente o pracer e significado da súa propia vida.



A BOMBILLA MÁXICA

Teatro do Atlántico

Autor: Woody Allen / Dirección: Xúlio Lago
Elenco: María Barcala, Gonzalo M. Uriarte, Antonio Simón, Santi Romay, Victoria Romero, Alexandre Lago
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Un Woddy Allen insólito, desenvolvendo un rexistro absolutamente imprevisible nel, preséntanos un texto de moi alta calidade, como non podería ser doutra maneira, no que nos mostra o difícil mundo da adolescencia e a vellez, das relacións de parella, o mundo da maxia cunha gran dose do seu humor e personalizado na familia Pollack.

O primeiro que nos chama a atención é o seu nome, que, aseguran, non ten nada de supersticioso aínda que nos poida recordar esa coñecida expresión da que ás veces botamos man para cando queremos que a sorte siga estando do noso lado.

Ernesto Chao e Rosa Álvarez, a súa dona, son Lagarta Lagarta. Unha tatuaxe do seu fillo, un apaixonado destes animais, foilles o mellor reclamo, despois de moito buscar, para reparar nun nome tan orixinal e sorprendente como difícil de esquecer. Semella que acertaron, ou, polo menos, a sorte vai onda eles.

Hai seis anos, en 2001, estes dous actores, xunto con Marta Sacau á fronte da produción, decidiron sacar adiante a súa propia compañía teatral e ser, tamén, parella artística, sabedores de que todo o que lles quedaba por ofrecer sobre un escenario ía estar feito a conciencia.

Apostaron polo que podemos chamar facer teatro á medida, como quen escolle o traxe que mellor senta, e ser eles mesmos os encargados de elixir cada unha das súas producións segundo aqueles textos que considerasen máis atractivos, tanto para eles mesmos no seu papel de actores como para o espectador.

Ambos teñen ás súas costas unha ampla carreira profesional ao lado doutras compañías e agora, á fronte desta sociedade, están abertos a todas aquelas propostas interesantes que poidan xurdir. Isto convérteos, quizais, nunha compañía un tanto atípica, de actor, posto que nin contan cun director fixo que estea á fronte das súas montaxes nin cun cadro de actores que interpreten as obras teatrais que seleccionan para levar á escena. Eles escollen o director polo que teñen algunha preferencia para que os dirixa e o grupo de actores, que normalmente é pouco numeroso.



DE CANDO A LAGARTA

ERNESTO CHAO E ROSA ÁLVAREZ, LAGARTA LAGARTA, ESTÁN DE XIRA POLA REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS CO SEU ESPÉCTACULO *AS ÚLTIMAS LÚAS*. SE A OBRA CONTA NO SEU NÚCLEO INTERPRETATIVO CON DOUS NOMES XA LENDARIOS ENTRE OS ACTORES GALEGOS, O ATRACTIVO DA PROPOSTA ACREDÍTASE AÍNDA MÁIS EN CANTO QUE ESTÁ ADAPTADA E DIRIXIDA, RESPECTIVAMENTE, POR DOUS GRANDES DA ESCENA GALEGA: CÁNDIDO PAZÓ E XÚLIO LAGO.





**APOSTARON POLO QUE
PODEMOS CHAMAR FACER
TEATRO Á MEDIDA, COMO
QUEN ESCOLLE O TRAXE QUE
MELLOR SENTA, E SER ELES
MESMOS OS ENCARGADOS
DE ELIXIR CADA UNHA DAS
SÚAS PRODUCCIÓNS SEGUNDO
AQUELES TEXTOS QUE
CONSIDERASEN MÁIS
ATRACTIVOS**

Así naceu Lagarta Lagarta, fuxindo dalgúns convencionalismos e, sobre todo, arriscando polo pracer de interpretar.

Ernesto axúdanos a facer memoria e a repasar as súas producións, dirixidas por nomes como Avelino González ou Lino Braxe, e que comezaron con *Cartas de amor*, un texto de A. R. Gourney, para el “un espectáculo poético lindísimo”. Seguiulle *Fobias*, de José Luis Prieto, que “consolidou” e “impulsou” a nova compañía galardoada con tres premios María Casares e cun MAX no ano 2004 ao mellor autor teatral en galego e, tras el, *Carambola*, do mesmo autor.

Porén, o seu último acerto leva por título *As últimas lúas*, de Furio Bordon, a derradeira obra interpretada por Marcello Mastroiani antes de se retirar dos escenarios. “Decidimos dar un xiro de 180 graos e facer un tipo de espectáculo que non se parece en nada aos tres anteriores”, comenta Chao. Era, segundo



A ASEMBLEA DAS MULLERES

Skené Teatro

Autor: Aristófanes / Dirección: Leonel García Laborde
Elenco: María Caparrini, Edgar Costas, Bernardo Fraga, Sara Marcet e Francclina Méndez / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Un grupo de mulleres decide facerse co goberno da cidade. Pero nun mundo de homes terán que se disfrazar, falar e actuar coma eles para convencer a todos os sabios de que deben gobernar. Ademais das divertidísimas escenas e da comicidade dos actores, resulta sorprendente o uso do coro grego, pois este é agora musical, con pezas pegadizas e gran ritmo. Mestúranse elementos da Grecia clásica (texto e vestuario), da comedia dell’arte (o uso de máscaras), e do teatro máis contemporáneo (música, escenografía).



AFTERPLAY

Avance Producciones Teatrales S.L.

Autor: Brian Friel / Dirección: José Carlos Plaza
Elenco: Blanca Portillo, Helio Pedregal / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Despois dunha obra, que pasa cos personaxes? Brian Friel atrevése a retomar os fermosísimos personaxes chejovianos: Sonia (*Tío Vania*) e Andrei (*Tres irmás*), e reúnenos nunha situación improbable pero non imposible, vinte anos despois.



ARTE

Fulano, Mengano e Citano

Autora: Yasmina Reza / Dirección: Celso Parada
Elenco: Manuel Álvarez, Xosé M. López Conde e Manuel Pombal / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Serxio acaba de mercar un cadro totalmente branco que lle custou unha morea de cartos. O seu amigo Marcos, que odia a arte moderna, non comprende que a alguén se lle poida ocorrer pagar por “semellante trapallada”. Entón intervéñ Iván, o terceiro en discordia, que intenta mediar entre ambos os dous pero acaba metido no enredo. Humor ácido e brillante para amosarnos curiosas actitudes ante a vida.

+info en: www.fulanomenganocitano.com

TOCOU A LÚA





AS ÚLTIMAS LÚAS

Lagarta Lagarta

Autor: Furio Bordon / Dirección: Xúlio Lago
Elenco: Ernesto Chao, Rosa Álvarez e Artur Trillo
Xénero: Teatro adultos/Drama

Teatro comprometido e divertido cun forte compromiso humano e social que se atreve a intentar, cunha intensa carga de delicado humor e tenrura, unha mirada seria e serena sobre aqueles pasos tan fundamentais na vida como son a senectude e a morte, e que deixa caer sobre o espectador algúns interrogantes sobre que lugar ocupan «os vellos» na sociedade, que espazo lles permite ocupar esta sociedade e que poden facer «os vellos» consigo mesmos nunha paisaxe humana e social na que se lles fai sentir como un estorbo.



ÁS VECES SENTÍMONOS TAN CANSOS QUE FACEMOS ESTAS COUSAS

Nove Dous

Autor: Rodrigo García / Dirección: Roberto Cerdá
Elenco: Josi Lage, Marián Bañobre, Jouse García e Lois Soaxe / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Rodrigo García posúe unha maneira moi persoal de narrar, aínda que o texto leve ao equívoco. Traballa a palabra nun espazo onde a narración, o fío condutor e a situación foron destruídos. Tirando cables conectados coa vida cotiá do home moderno, incide na súa capacidade de tragar sen límite sen decatarse do que está tragando.

+ info en: www.novedousteatro.com



ASALTO DE CAMA

Máscara Produccións

Autor: Juan Luis Mira / Dirección: Xerome Calero
Elenco: Marco Antonio Álvarez, María Álvarez Lagarón, Xerome Calero, Verónica Codesido e Pablo Puga
Xénero: Teatro adultos/Comedia

Comedia puxilística en seis asaltos e medio. No principio foi o sorriso, pero dende que o mono e a mona –tanto mona, mona tanto– deixaron de berrar entre dentes o escaralle selvático e substituírono pola verticalidade civilizada, isto é un continuo devir de ovarios e ovos revoltos. A guerra dos mundos, a guerra dos sexos. Todo un reto. Meter nun cuadrilátero das paixóns –pero menos– o home e a muller e organizar un combate de luva branca e lenzaría sexy.

DE CANDO A LAGARTA TOCOU A LÚA



confesa, un texto que gardaban no caixón dende hai tempo pero que non se atrevéron a interpretar antes. “Tiñamos moito medo á estrea porque é un espectáculo que fala sobre a vellez, sobre a morte, é moi reflexivo... Pero a resposta do público foi marabillosa e para nós unha gran sorpresa porque era moito risco”, asegura o actor.

Un risco que decidiron correr da man do recoñecido director teatral Xúlio Lago. “Pareceunos o único ou un dos directores máis apropiados para dirixir este espectáculo”, di Chao, que engade: “Xúlio é un home moi serio, moi honesto, non dirixe nunca nada que non lle guste e cando llo propuxemos quedou totalmente namorado do texto e, de feito, entusiasmouno tanto que anulou outro compromiso que tiña para traballar con nós”, recorda. “Achegoulle todo o seu estilo. É un director moi experimentado e moi esixente e nós queríamos que nos esixira, que o espectáculo saíse redondo”, confesa.

A interpretación tivo o beneplácito da crítica na prensa galega e, segundo Chao, “non podería ser tan brillante se non tiveramos detrás un director como Xúlio, que, se cadra, é capaz de ensaiar unha escena ata sete veces, con distintos sen-

timentos, intencións e movementos ata atopar o mellor”.

O actor interpreta un vello profesor viúvo que decide trasladarse a unha residencia da terceira idade, esperando que o fillo co que vive non o deixe marchar. Porén, non ocorre así, e a idea é ben acollida pola familia. Mentres agarda na casa a que o leven, conversa coa súa muller, morta moi nova, agora un espírito co que repasa a súa vida xuntos, nunha especie de monólogo desdoblado. “Tes que poñer moito de ti mesmo, das experiencias persoais, posto que é un personaxe moi contradictorio, rosmón, difícil, tenro..., pero todos somos así, todos temos contradicións”, dinos.

Rosa Álvarez, pola súa banda, fálanos do seu papel, a nai e muller falecida ensumida nun estado de presenza-ausencia ao que, di, tivo que achegar moita tenrura e a súa capacidade de saber escoitar. “O meu personaxe custounos un pouco facelo porque a pregunta era: como se fai un morto que ao mesmo tempo estea vivo? O público é quen che dá as pautas porque é un personaxe un pouco raro que aparece e desaparece chamado pola imaxinación do marido, pero axiña lle deixa de resultar estraño ao espectador”, comenta Rosa.

Ao respecto, o actor agrega: “O público entra perfectamente na convicción de que o meu personaxe fala con ela diante do fillo, e que este non a escoita, entra e non a ve. E iso que, ás veces, pode resultar ridículo se o fas mal, aquí está perfectamente encaixado, e o espectador dáse conta do que ocorre; conseguimos que sexa crible e este é un dos grandes logros do espectáculo e de Xúlio tamén”.

Interpretación, escenografía, iluminación, todo está perfectamente coidado para crear unha atmosfera conmovedora.

“Traballar con Xúlio é traballar dunha maneira especial. Traballa moito co cambio, é dicir, o que vale para hoxe non vale para mañá e a través de todo o que el recibe de ti vai aparecendo a historia”, apunta Rosa.

Ernesto Chao como protagonista, Rosa Álvarez, a nai falecida, Artur Trillo no papel de fillo, Xúlio Lago na dirección, e a tradución a cargo de Cándido Pazó. A conxunción de talentos resulta, pero a mensaxe da obra que latexa detrás é, sen dúbida, o grande acerto, a reflexión sobre o papel dos máis vellos na nosa sociedade. É un espectáculo dos que dan que falar: no noso país unha de cada cinco persoas é maior de 65 anos.

De todo, e para todos

Dolores Vilavedra

Nos vindeiros meses a RGTA segue a ofrecernos unha programación tan variada como a desta última etapa: de todo, e para todos, ese parece ser o lema. Secomasí, aos que seguimos cunha certa atención os escenarios galegos chámannos a atención algunhas singularidades. En primeiro lugar, semella que as novas compañías o teñen un chisco máis doado para se abriren un oco no ámbito institucional dende o que amosaren as súas creacións e dárense a coñecer. Pero non se preocupen, velaí seguen, incombustibles, as de sempre, as que reúnen eses profesionais de toda a vida que para moitos de nós constitúen unha garantía de calidade e, a miúdo, un argumento decisivo á hora de decidirmos ir ao teatro no noso tempo de lecer.

Continúan os clásicos a manter unha presenza asidua nos nosos escenarios, pero nesta xeira non podo deixar de saudar con entusiasmo dúas iniciativas de distinta natureza pero –na miña opinión– igualmente atinadas. Unha, a posta en escena de *Zardigot* de Euloxio Ruibal, un autor moito menos representado do que as súas obras merecen. Sorprende que a profesión teatral galega non reparase antes neste texto polo que o tempo só pasa para revelarmos nel novos significados. A outra é a estrea en galego de *Arte* de Yasmina Reza, anos despois de arrasar en francés, catalán e castelán: unha maquinaria teatral perfectamente engraxada que só precisa do apoio dun bo elenco. Unha montaxe barata (ben, digo isto sen saber canto tería que pagar a compañía de dereitos á autora...) que debería ter un éxito asegurado.

A nosa cultura (e a nosa cultura teatral) segue a entenderse en boa medida como un ámbito de reflexión sobre a nosa identidade. A miúdo nos queixamos disto, porque dalgún xeito o consideramos unha pexa que eiva o noso potencial creativo, pero sen dúbida é un feito que responde a unhas determinadas carencias colectivas, e a proba está en que o público ratifica coa súa aceptación aqueles produtos culturais (teatrais, literarios, filmicos...) que afondan nesa cuestión. Isto vén ao fío do moito que levo escoitado, nestes últimos meses, rosmar por causa da –para algúns, excesiva– presenza activa da memoria histórica no espazo público. Naturalmente, o teatro non podía deixar de sintonizar coa sociedade, de atender ás súas demandas máis ou menos explícitas, e nesa liña foron varios dos espectáculos mellor acollidos nos últimos meses, e nesa liña irán tamén algúns dos que circularán de aquí a fin de ano. Iso si, agradácese o esforzo dos creadores por procuraren perspectivas diferentes dende as que se achegaren á cuestión, sexa pola novidade do tema, sexa por un en-

“*O teatro non podía deixar de sintonizar coa sociedade, de atender ás súas demandas máis ou menos explícitas, e nesa liña foron varios dos espectáculos mellor acollidos nos últimos meses, e nesa liña irán tamén algúns dos que circularán de aquí a fin de ano.*

“*É imprescindible que o teatro nos fale das cousas importantes, esas que a voráxine mediática se empeña en agochar para reducimos así aos cidadáns á simple categoría de consumidores.*

foque pouco habitual como o paródico (como en *Hendaya, mon amour*).

Que o teatro é un ámbito de encontro con nós mesmos, co que verdadeiramente somos, estamos fartos de sabelo. Pero quizais aínda non somos conscientes de ata que punto se fai cada día máis preciso preservar ese ámbito, afastalo do “ruído” ambiental que nos enxordece e aliena: é aí, ás escuras, inmóbiles durante un tempo e alleos a nada que non sexa o que acontece en escena, onde podemos reencontrarnos co esencial. Por iso é imprescindible que o teatro nos fale das cousas importantes, esas que a voráxine mediática se empeña en agochar para reducirmos así aos cidadáns á simple categoría de consumidores. E diso tamén hai: nos vindeiros meses a escena galega ofreceranos ocasións (*As últimas liñas*, *Emigrados*) para facermos un alto no camiño e reflexionarmos sobre algúns dos problemas máis urxentes, públicos e privados, aos que nos estamos a enfrontar.

Quería rematar só apuntando unha cuestión, sobre a que haberá ocasión de volver noutros foros. Velaí que os espectáculos adoitan clasificarse segundo o público ao que están destinados: hainos para “adulto” e hainos para “infantil” (mesmo se anuncia un *Macbeth* para nenos...). Mais todos somos conscientes de que esta é unha distinción arbitraria e parcial. Existe un público que os estudosos de literatura infantil e xuvenil denominan “fronteirizo”, termo que considero moi acaído e que abrangue a ese sector que se define, á hora das prácticas culturais, non tanto pola súa idade coma polas súas expectativas e necesidades, ese que fica absolutamente insatisfeito (e mesmo se sente aldraxado...) coas creacións para cativos pero que se cadra aínda non é abondo competente para valorar acaidamente certas obras pensadas para adultos (aínda que si moitas delas, claro está). Digo isto porque hai unha franxa de idade en que ese público infantil, tan esforzadamente conquistado coa complicity dos pais, parece desaparecer. Urxe recuperalo, e facelo non só pola lexítima vía de converter o teatro nunha ferramenta de apoio ao ensino (por certo, bótase en falta que a asistencia de institutos se xeneralice e regularice), senón pola da sedución. ¿Que isto ten un custo para os creadores, que terán que renunciar ás veces ao que lles pida a súa ambición estética? Certamente, mais hai camiños para facelo con imaxinación e dignidade artística. Eu vin un rapaz de 16 anos chorar emocionado no *Romeo e Xulieta* que está a circular polos nosos escenarios e, a verdade, ese si que é un espectáculo pouco habitual. Gustaríame que se repetise.



ASASINOS ANÓNIMOS

Teatre Arca

Autor: Sánchez Abuli-Jesús Roche / Dirección: Jesús Roche / Elenco: Vicente Gil, Txema Pérez, Jesús Roche e o público / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Unha comedia negra onde o humor, a ironía e a participación do público se dan inquietamente a man.



DEMASIADO HUMANO (LOS ÚLTIMOS DÍAS DE NIETZSCHE)

Traspasos

Autor: Jaime Romo / Dirección: Mikel Gómez de Segura Elenco: Alfonso Torregrosa, Elisenda Ribas, Goizalde Núñez, Rafael Martín, Susana Hernaiz, Txema Blasco e Eduardo Mac Gregor / Xénero: Teatro adultos/ Contemporáneo

Nietzsche viviu e morreu como quixo. Liberounos da culpa, legounos o seu entusiasmo. Eu son enteiro corpo e nada máis –di Zaratustra–, a alma é soamente unha palabra que indica unha pequena parte do corpo.

+ info en: www.traspasoskultur.com



FINAL DE PELÍCULA

Ancora Produccións

Autor: Gustavo Pernas Cora / Dirección: Gustavo Pernas Cora / Elenco: Ánxela G. Abalo, Vicente de Souza, Fernando Morán, Xabier Deive, Estíbaliz Veiga e Marcos Pereiro / Xénero: Teatro adultos/Outros

Catro espectadores que non se coñecen asisten á proxección dun filme alemán subtitulado que se interrompe cando está a piques de rematar. Mentres esperan a reposición da longametraxe, que xira ao redor dunha rapaza inmigrante turca que traballa na casa dunha familia alemá, comezan a especular sobre os posibles desenlaces da historia, deixando ao descuberto cadanseus caracteres e ideoloxías. A intriga aumenta cando entra na sala de cinema unha muller, de orixe colombiana, fuxindo dun descoñecido e cunha vida moi semellante á da protagonista do filme.



HENDAYA MON AMOUR

Bacana

Autor/Dirección: Xúlio Abonjo / Elenco: César Goldi e Xúlio Abonjo / Xénero: Teatro adultos/Comedia

O 23 de outubro de 1940 no punto límite entre as conquistas militares do III Aich e España tivo lugar un encontro. *Hendaya mon amour* conta en clave de comedia musical o encontro entre Adolfo the Hit?, Fito?, o Führor do III Aich, e Francisco Frango?, Paco?, o Claudillo de España. Un musical que navega por diferentes estilos musicais: twist, hip hop, balada romántica, copla, pop. A meirande historia de amor endexamais contada. Unha comedia na que o amor acaba co fascismo. Un musical Made in Bacana.

+info en: www.bacana.es



CORPOS DISIDENTES

Nut Teatro

Autor: Nut Teatro / Dirección: Carlos Neira Noya Elenco: Andrea Álvarez, Nerea Barros, Iria Sobrado e Xiana López / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Corpos disidentes é un espectáculo que mestura diferentes linguaxes artísticas, como a performance, o teatro, a danza e o audiovisual. O traballo afonda nos límites do corpo, nas sombras, nos espazos indefinidos, aqueles que non se senten e que non se ven, pero fanse visibles ao atravesalos.

+ info en: www.nutteatro.com



EL CHICO DE LA ÚLTIMA FILA

Ur Teatro

Autor: Juan Mayorga / Dirección: Helena Pimienta Elenco: Ramón Barea, Luisa Pazos, Carlos Jiménez-Alfaro, José Tomé, Ignacio Jiménez e Natalie Pinot Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

El chico de la última fila é unha obra sobre mestres e discípulos, sobre pais e fillos, sobre persoas que xa viron demasiado e persoas que están aprendendo a mirar. Unha palabra sobre o pracer de asomarse ás vidas alleas e sobre os riscos de confundir a vida coa literatura. Unha obra sobre os que escollen a última fila: aquela dende a que se ven todas as demais.

+ info en: www.emiliayague.com



FÓRA DE XOGO

Nove Dous

Autor/Dirección: Maxi Rodríguez / Elenco: Marián Bañobre, Jouse García, Lois Soaxe e Santiago Cortegoso Xénero: Teatro adultos/Comedia

Que pasará se o teatro fose tan popular como o fútbol; se cada domingo, radios e televisións retransmitisen unha tarde de teatro e cada xornada fose seguida por milleiros de afeccionados; se cada nova escénica tivese a mesma repercusión que os aniversarios de Ronaldo, e cada fracaso teatral fose unha desgraza tan grande como o descenso; se se analizasen as mellores escenas da xornada e os actores mostrasen publicidade nas súas camisetas e deran positivo nos controis?

+ info en: www.novedousteatro.com



MACBETH

Sarabela Teatro

Autor: W. Shakespeare / Dirección: Helena Pimienta Elenco: Fernando Dacosta, Elena Seijo, Fina Calleja, Suso Díaz, Sabela Gago, Josito Porto, Nate Borrajo, Tito R. Asorey e David Varela / Xénero: Teatro adultos/Drama

Macbeth regresa vitorioso da batalla. Instigado polas premonicións de tres bruxas que lle auguran un futuro como rei, decide forxar o seu destino e asasinar a Duncan para ocupar o seu posto. Macbeth gobernará, tiránico, ata que se cumpra unha nova profecía: «ser derrocado por un home non nacido de muller», cando avance o bosque de Birnam.



CYRANO

Teatro Meridional

Autor: Edmund Rostand / Dirección: Álvaro Lavín Elenco: Álvaro Lavín, Marina Szerezevsky, Óscar Sánchez Zafra e Paloma Vidal / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Cyrano é un ser que non sabe dicir non. El é todo si: a súa forma de reaccionar, de vivir, de facer o que en cada momento lle sae de dentro. Pero ao mesmo tempo, a súa conciencia márcalle uns límites claros que respecta. Esta dualidade é moi atractiva como conflito individual que posúe tamén unha clara dimensión social. Por iso permanece o personaxe, a súa loita está unida ao ser humano. Cyrano é tamén un desafío para os actores, unha comedia que xoga a ser traxedia, unha historia de amor, un romanticismo, unha utopía, un algo imposible, unha obra de teatro.

+info en: www.teatromeridonal.com



EMIGRADOS

Teatro de Ningures

Autores: X. M. Pazos, Suso de Toro, Anxos Sumai, Sonia Torre e Cándido Pazó / Dirección: Etelvino Vázquez Elenco: Casilda García, Sonia Rúa, Mónica Camaño, Santiago Cortegoso, Fran Paredes e Salvador del Río Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

En *Emigrados* decidímonos por unha historia múltiple que, engarzada, constitúe un mosaico de pezas de distintos autores e autoras que, unha por unha, dende o tratamento específico da emigración, da inmigración, do retorno, do desenraizamento, compoñen un cadro xeral que permite apreciar nidamente o drama individual e social que supón estoutro xeito de «exilio».



FRIDON SPIK

Albions Teatro

Autor: Santiago Jaureguizar / Dirección: José Rico Elenco: José Rico, Juana Carrera, Sergio Ingoyen, Toni Deaña e Inés Gutiérrez / Xénero: Teatro adultos/ Contemporáneo

A través de pequenas historias, Santiago Jaureguizar amosa como as novas tecnoloxías e a vida na cidade se van proxectando no mundo rural e se atopan coa indiferenza dos adultos e a aceptación dos máis novos, que cren ver no espellismo da cidade a liberación da súa vida rural. O teléfono móbil permite a comunicación mentres se coida do gando. O mundo urbano ameaza con devorar a vida tradicional do campo galego. Os cantos de serea da cidade fan cambalear o mundo rural cos seus costumes, creando conflitos entre ambas as dúas xeracións.



MARGAR NO PAZO DO TEMPO

Sarabela Teatro

Autora/Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda Elenco: Fernando Dacosta, Tito R. Asorey, Sabela Gago, Elena Seijo, Fina Calleja, Josito Porto e Nate Borrajo Músico: Yuri Sidar / Xénero: Teatro adultos/Outros

Con *Margar* estamos ante unha comedia excitante, ategada de fantasía. Os personaxes van ser expresión do grotesco patetismo do xénero humano. O humor como elixir de eterna xuventude é antídoto contra o medo e o desasosiego. Nas ás da desenfreada imaxinación do equipo de Sarabela.



MEDIDAS PREVENTIVAS
Ancora Produccións

Autor/Dirección: Gustavo Pernas Cora / Elenco: Ánxela G. Abalo, Vicente de Souza, Xosé Bonome / Xénero: Teatro adultos/Comedia dramática

Medidas preventivas –Premio ao Mellor Libro de Teatro 2007 da Asociación de Escritores en Lingua Galega– lanza unha mirada irónica e crítica, non exenta de humor... negro, sobre as novas relacións e os novos comportamentos sociais. Medidas desenfocadas e dirixidas a cidadáns de a pé, pre-suntos culpables nos seus actos cotiáns. Medidas absurdas que venden protección a cambio da submisión, e seguridade a cambio de medo.



MISERICORDIA
Teatro de Ningures

Autor: Benito Pérez Galdós / Dirección: Etelvino Vázquez
Elenco: Casilda García, Mónica Camaño, Marián Bañobre, Sonia Rúa, Santiago Cortegoso, Fran Paredes, Paulo Serantes, Mundo Villalustre e Salvador del Río
Xénero: Teatro adultos/Outros

Misericordia mergúllanos na «picaresca» a través dos personaxes das clases sociais máis desfavorecidas e retrata unha fidalguía vida a menos dende algúns séculos antes, pero que, o mesmo que o país, empéñase en vivir da aparencia e de lembranzas de grandeza. Fai un bosquexo dunha nacente burguesía comercial inculta e insolidaria, e imprégnao todo cunha crítica aceda a un xeito de relixiosidade omnipresente.



O BURGUÉS FIDALGO
Teatro do Morcego

Autor: Molière / Dirección: Celso Parada / Elenco: Santi Prego, Luísa Merelas, Maxo Barxas, Blanca Cendán, X. Carlos Mosquera «Mos», Xavier Estévez, Mundo Villalustre, Suso Alonso, Leticia Alfaya e Ánxeles Soliño
Xénero: Teatro adultos/Musical

Monsieur Jourdain é un rico e badoco comerciante que, nas súas aspiracións por mesturarse coa clase social superior, cae baixo o engano dun aristócrata sen escrúpulos que busca o seu diñeiro. Unha das obras máis divertidas de Molière, na que xunta con mestría as situacións xocosas e a sátira mordaz do novo rico desesperado por aparentar o que non é. A proposta achégase ao orixinal, pero cunha visión máis contemporánea sobre o escenario, con actores e músicos que recuperan a partitura orixinal de Lully, composta para Molière.



O FARO
Fulano, Mengano e Citano

Autores/Dirección: X. Manuel Conde, Manuel Botana e Manuel Pombal / Elenco: Xosé Manuel Conde, Manuel Botana e Manuel Pombal / Xénero: Teatro adultos

Faustino, fareiro por oposición, por motivos infesables, ten que ausentarse durante uns días. Como na Dirección Xeral de Costas, Faros e Peiraos non lle dan permiso, deixa no seu posto un “interino clandestino”, amigo seu, home de terra dentro, que non viu un faro na súa vida. Que problema pode haber?... Faro de última xeración, automatizado, tecnoloxía de sete estralos e gobernado dende fóra. Xorden así unha serie de situacións esperpénticas que van transformando a historia ata chegar a un final sorprendente e inesperado.

+info en: www.fulanomenganocitano.com



QUERO SER GRANDE
Talía Teatro

Autor/Dirección: Artur Trillo / Elenco: Marta Ríos, Rosi Barcala, María Ordóñez / Xénero: Teatro adultos/Comedia

Espectáculo cómico creado sobre historias curtas que trata de contar as vicisitudes da adolescencia, esa idade controvertida e polémica que xera luces e sombras.



ROMEO E XULIETA
Teatro do Noroeste

Autor: William Shakespeare / Dirección: Eduardo Alonso
Elenco: Luma Gómez, Aitor Rei, Jacobo Bugarín Osorio, Fernando González, Victoria Pérez Varela, Fernando Tato, Christian Escuredo, Omar Rabuñal Varela, Antela Cid, Sara Casasnovas e Alejandro Carro / Xénero: Teatro adultos/Clásico

Romeo e Xulieta fálanos da dificultade, ás veces insalvable, de tentar concuntar o particular e o social. O vello conflito familiar é un pano de fondo que colabora, pero non determina. Con moito tino aparecen reflectidas as virtudes e as eivas da mocidade, aínda que os adultos non deixan de estar comprometidos co desenlace final e fatal. A violencia entre as familias, o amor dos protagonistas e todos os demais conflitos trasládanse a unha época actual.

+ info en: www.teatrodonoeste.com



SEMPRE AO LONXE
Mofa e Befa

Autor: Kiko Cadaval, Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Piti Sanz / Dirección: Kiko Cadaval / Elenco: Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira e Piti Sanz / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Mofa e Befa retoman o seu humor acedo e crítico para facernos reflexionar sobre a conformación multiétnica da sociedade actual. Unha variada mostra de diferentes e singulares etnias que, cunha carga musical moito maior que en anteriores espectáculos, demostran que a interculturalidade e a convivencia entre culturas, razas e modos de pensar é posible.

+ info en: www.emedous.com



TRUENOS & MISTERIOS
Matarile Teatro

Autora/Dirección: Ana Vallés / Elenco: Ana Vallés, Carlos Sarrió, Pedro Pérez-Bermúdez, Xan Cejudo e Mauricio González / Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Un científico, un mestre de escola e actor, un bailarín e licoreiro, o profesor e eu asomámonos a un balcón e, aí abaixo, eses seres que fomos, un desfile de datos non escritos, aparentemente inservíbles pero non esquecidos. Extraídos do seu contorno –unha fábrica de coches, un ballet nacional, unha escola, un taller de marionetas ou un laboratorio de universidade–, estes personaxes non son máis que produtos atónitos de ALGO, chamémoslle historia, cultura, familia, e que se lles foi das mans!

+info en: www.teatrogalan.com



YEPETO
Teatro del Andamio

Autor: Roberto Cossa / Dirección: Tatiana Likhacheva
Elenco: Santiago Romay, Álvaro Guevara e Nerea Barros
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Triángulo amoroso entre un vello profesor de literatura, a súa alumna de 18 anos e o seu mozo. Ela é unha rapaza talentosa, creativa e intelixente, cegada pola personalidade do seu mestre. Manexa sutilmente a relación con ambos os dous, que comezan a obra cunha competencia física e dialéctica chea de humor e ironía. O profesor sente que é a súa derradeira oportunidade de amar. O rapaz, Antonio, conseguirá afastar o vello profesor gañando a súa confianza.



ZARDIGOT
Espello Cóncavo

Autor: Euloxio Ruibal / Dirección: Arturo López
Elenco: Lucía Regueiro, Ana Santos, Manu Fernández, Xavier Pan, Oswaldo Digón, Uxío Losada, X.C. Mejuto, Rodrigo Roel, X.L. López «Sacha», «Gari»
Xénero: Teatro adultos/Contemporáneo

Alegación contra a guerra a través da figura dunha muller, Estrela, unha ama de casa sen máis inquedanzas que a súa familia. Asistimos á transformación e posterior destrución do seu contorno persoal e social. Unha guerra fratricida, de exterminio, que rompe con todos os valores de convivencia e que extrae o peor da condición humana: a violencia irracional. A través do exilio de Estrela vemos como a guerra é especialmente cruel cos febles e indefensos, cos vellos, coas mulleres...



ZIPI E ZAPE
Teatro de Adro

Autor/Dirección: Cándido Pazó / Elenco: Josito Porto, Fernando Dacosta, Belén Constenla e César Cambeiro
Xénero: Teatro adultos/Outros

Dona Jaimita decidiu que chegou o momento de repartir a herdanza familiar. Don Pantuflo non está de acordo. Zape, acudindo ao chamado da súa nai, volve á casa despois de moito tempo e atópase co seu irmán, cos seus pais nunha realidade que el consideraba que nunca se alteraría. O acto das partillas complicase: o pai négase en redondo ao repartimento e a nai morre accidentalmente por culpa das falcatuadas infantís dos dous irmáns, esta vez adultos.



PAXARO DE LUME
Viravolta Títeres

Autor: popular ruso / Dirección: Anxo García
Elenco: Pilar Álvarez, Xulio Balado, Anxo García
Músicos: Xosé Manuel Yáñez, Mariola Gil Lago e Beatriz Rodríguez Caridad / Xénero: Teatro infantil/monicreques

Espectáculo baseado no conto popular ruso, musicado para trío de piano, violín e clarinete e interpretado en escena por Firebird Project. O príncipe Iván, o máis pequeno dos fillos do rei, vai en busca do paxaro de lume, do que seu pai quedou engaiolado ao escoitar o seu canto no xardín. Antes xa partiran os seus dous irmáns, pero nunca se soubo nada do que lles ocorreu.

+info en: www.viravolta.es



A VIAXE DE EFI
La Imagina Machina

Autor/Dirección: Suso Díaz / Elenco: Nate Borrajo, Tito Asorey, María Gallego e David Varela / Música en directo: José Lamelas / Xénero: Teatro infantil/Comedia

Efi é unha pequena mosca que acaba de nacer e a súa nai anímaa a que goce da efémera vida que ten por diante porque vida só hai unha. Vivirá así momentos ledos, tristes, fantásticos, coñecerá outros habitantes dos bosques que lle ensinarán a súa forma de ver a vida, e sobre todo, de como aproveitala. Un canto á diversidade, á solidariedade, á tolerancia e, sobre todo, á amizade.

+ info: www.laimaginamachina.com



ARELA MIÚDA EN: O RECUNCHO DE ANABEL
Arela das Artes

Autora/Dirección: Charo Pita / Elenco: Marta Pérez, Diana Mera / Xénero: Teatro infantil/Contemporáneo

Ás veces Bel chora, sobre todo no outono, ata que un día sofre un ataque de alerxia choromiqueira e perde a súa mascota. Entón chora, pero non sabe se ten bágoas de alerxia ou de tristura ou de soidade, posto que a súa mascota era a única compañía que tiña. Bel vai á procura do animal perdido e na busca coñece a Ana. Ana vive nunha maceta cunha frondosa planta e goza contando, ata que un día a súa planta seca e comeza a vagar polo mundo co seu testo. Entón coñece a Bel e vólvense moi amigas.



BOAS NOITES
Berrobambán Teatro

Autora/Dirección: Paula Carballeira / Elenco: Paula Carballeira, Anabel Gago, Chiqui Pereira, Lorena Conde e Manuel Vázquez / Músicos de escena: Anxo Pintos, Vadim Yuhnevich e Dalibor Sebestik / Xénero: Teatro infantil/Outros

Para poder durmir ben tes que acabar cos teus medos, iso sábeo de sobra Pedro Chosco, que é quen nos trae o sono cada noite. Xiana, pola contra, só pensa en atopar algo de tempo para xogar e, se polo día ten demasiadas cousas que facer, pola noite é libre de dispor do seu tempo. O que pasa é que a noite é o momento do misterio, das criaturas que non se atreven a asomar polo día, e, se non dormes, descubrirás o que se agocha entre as sombras.

+ info en: www.berrobamban.com



BOLBORETA
Títeres Tropiccallo

Autor: Marián González e Luís González
Dirección: Santiago Montenegro / Elenco: Marián González, Luís González e Nacho Sanz / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Bolboreta é a historia da relación entre unha nena e o seu pai. A nena, unha princesa, e o pai, un rei, que a través dun personaxe nun principio aterrador van descubrirse mutuamente. Unha historia que fala da superación dos medos, do respecto aos que son diferentes, da forza da amizade para cambiar o mundo, da rebeldía propia dos nenos e nenas, a través da relación paterno-filial. É unha proposta novidosa de monicreques de mesa, con música en directo e unha espectacular escenografía.

+ info en: www.tropiccallo.com



CIGARRA Y HORMIGA
Markeliñe

Autor/Dirección: Markeliñe / Elenco: Paco Revueltas, Itziar Fraguas e Ana Martínez / Xénero: Teatro infantil/Xestual

Cigarra y hormiga é unha montaxe que bebeu da fábula tradicional de Esopo, Samaniego ou La Fontaine, pero á que se lle deu outra visión: que pasaría se á afanosa e traballadora formiga a consideramos como acaparadora, mentres que á ociosa e inútil cigarra a convertésemos en artista. Esta visión permite un pequeno enfrontamento entre os dous arquetipos do traballo e do ocio como modelos sociais.

+ info en: www.elbuho.eu



CRISTOVO E AS MARABILLAS
Sarabela Teatro

Autora/Dirección: Fina Calleja / Elenco: Fernando Dacosta, Tito R. Asorey, Sabela Gago, Elena Seijo e Fina Calleja / Manipuladores: José Bayón e Rubén Dobaños
Xénero: Teatro infantil/Xestual

Colón é neno e o mundo quédalle pequeno. Aborrece a escola. Cristovo quere viaxar e cre que a coraxe e a forza son a súa mellor carta de presentación. É inxenuo pensar que ninguén se vai aproveitar de tan boas intencións. Sofía e o *Libro das marabillas* descubrirlanlle que a máis grande aventura está no coñecemento. Como, se non, un neno de doce anos pode coñecer Armenia, Bagdad, as estepas tártaras ou a escintilante corte de Kublai Kan?



DO, RE, MI, MOZART XOGA AQUÍ
Títeres Cachirulo

Autor/Dirección: Jorge Rey / Elenco: Carmen Domech, Jorge Rey / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Espectáculo de marionetas de fío talladas en madeira, que locen os seus elegantes movementos nun retablo barroco. Unha invitación do emperador convoca o neno Mozart a tocar en palacio. Isto esperta a envexa e desconfianza do mestre de cámara, que intentará impedir a celebración do concerto. Mentres, o neno vivaz e alegre sedúceo coa súa xenialidade musical, incorporada nos seus xogos e quefaceres cotiáns.



EL ELEFANTITO
La Canica

Autor: Kipling / Dirección: Pablo Vergne
Elenco: La Canica / Xénero: Teatro infantil/Outros

O elefantiño quere saber que come o crocodilo...



GOLULÁ
Galitoon

Autor/Dirección: Andrea Bayer / Elenco: Andrea Bayer, Chisco Casteleiro, Santiago Alonso e Óscar Ferreira
Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Golulá é un país que só ten unha nube. Os habitantes de Golulá tiñan medo a perdela e por iso un gardián moi especial coidaba dela (Bunkaa, un gorila moi grande, forte e de gran corazón). Neste país tamén vivía Lara, a mellor amiga de Bunkaa (unha rapaza aventureira e emprendedora). Xuntos podían pasar horas, días, semanas. Un día o malvado doutor Terrier roubará a única nube de Golulá e todo cambiará: o riso deixará de escoitarse, os ríos comezarán a secar, os nenos terán sede. Lara e Bunkaa comezarán unha viaxe por terra, mar e aire, chea de perigos, para tentar salvar o seu país.

+info en: www.galitoon.com



HISTORIA DUN SOLDADO
Viravolta Títeres

Autor: Viravolta / Dirección: Anxo García Fernández
Elenco: Pilar Álvarez, Xulio Balado, Anxo García
Músicos: Xosé Manuel Yáñez, Mariola Gil Lago e Beatriz Rodríguez Caridad / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Espectáculo de sombras con formato de concerto: música en directo con piano, violín e clarinete onde se conta a historia dun soldado de permiso que de volta á casa atopa o demo no seu camiño. O demo, engaiolado polos sons que saen do violín, intenta trocalo por un libro máxico no que poderá ver todas as cousas maravillosas do mundo. Enganado polo demo, o soldado acepta e queda atrapado nas mentiras e trampas que vai urdido este coa clara intención de levalo para o inferno.

+ info en: www.viravolta.es



LAZARILLO
Caramuxo Teatro S.C.

Autor: Anónimo / Dirección: Juan Rodríguez
Elenco: Xosé Manuel Esperante, Juan Rodríguez e Laura Sarasola / Xénero: Teatro infantil/Clásico

Caramuxo Teatro repón un dos seus éxitos, *Lazarillo*. O espectáculo achega unha nova visión do clásico dende a tradición e cultura galega, “galeguizando” a novela e achegándoa máis á nosa realidade, cambios que, seguindo fieis ao orixinal, tentan facer a novela máis próxima aos nosos mozos. Unha historia de fame e supervivencia para todos os públicos.

+ info en: www.caramuxoteatro.net



O ESPIRRO DE GAIA
Títeres Falcatrúa

Autor/Dirección: Esteban Losada / Elenco: Esteban Losada / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

A terra está arrefriada. A despótica e vesánica tiranía dos humanos esquilma os seus recursos, maltrata os aparellos e os animais son meras unidades de produción. Un espirro de Gaia fai tremar a orbe e remove as consciencias dos seus oprimidos habitantes. Animais e aparellos crean cadanseus movementos de liberación e, ao cabo, a súa revolución triúfa. O que parecía unha vida mellor convértese en caótica e insufrible. Pola súa banda, os humanos confinados nos lugares máis ermos do planeta decátanse da súa tolemia, pero xa é tarde... Ou iso cren! Un novo espirro e Gaia fai tremar os cimentos do planeta e consegue que todos os seus habitantes pacten unha orde máis xusta.

+ info en: www.titeresfalcatrua.com

O TEATRO DE MARIONETAS EN GALICIA ACOLLE

AS COMPAÑÍAS MÁIS VETERANAS DO PANORAMA TEATRAL GALEGO,

FUNDADAS NA SÚA MAIORÍA ARREDOR DOS ANOS OITENTA. **OS**

TANXARINA TÍTERES, TÍTERES CACHIRULO,

QUE

OS MONICREQUES DE KUKAS, ARTELLO-TEATRO ALLA SCALA 1:5 E VIRAVOLTA

MANEXAN

SON SÓ ALGÚNS DOS GRUPOS MÁIS REPRESENTATIVOS

DESTE XÉNERO TEATRAL QUE TEN UNHA LONGA E CONSOLIDADA TRADICIÓN **AS**

NA NOSA CULTURA. PARAÍSO FALOU CON ELES PARA COÑECER

CORDAS

DE PRETO OS SEGREDOS DUN OFICIO TAN ARTÍSTICO COMO ARTESANAL.

Teñen un público moi fiel, os máis cativos. Dinnos que quizais por esa inmediata asociación que podemos facer entre os bonecos e a infancia. Son estes “prexuízos de adulto”, que eles consideran, os que fan inevitable esa correlación entre marionetas e público infantil. Certo é que son moitas as compañías que se decantaron polo teatro para nenos, e as programacións, na maior parte dos casos, están orientadas para tal fin.

Lorca, Valle Inclán ou Blanco Amor escribiron teatro para marionetas que, ata o século XX, cando se foi implantando o xénero infantil nas artes escénicas, estaba moi relacionado coa sátira político-social. A tradición teatral nos países orientais tamén vincula esta modalidade de teatro ao público adulto.





O MAGO DE OZ
Os Quinquilláns

Autor: L. Frank Baum / Dirección: Kevin John Stewart-Carolina Ramos / Elenco: Pablo Sánchez, Eva Vila, Cecilia Meléndrez, Xoán Curiel e Xurxo Vázquez / Xénero: Teatro infantil

Dorinda saíu voando despois de que unha refolada de vento a elevara aos ceos. Cando aterra coñece os Musquiños, pero, sobre todo, vive grandes aventuras con Espantallo, Home de Lata e León Covarde, ata chegaren á Cidade Esmeralda onde vive o Mago de Oz. Nesta aventura, Dorinda demostrará a súa astucia fronte á Bruxa Malvada e a súa tenacidade para conseguir volver á casa.



O MERLO BRANCO
Talía Teatro

Autor: Cándido Pazó / Dirección: Artur Trillo
Elenco: Marta Ríos, Toño Casais, Rosi Barcala, David Creus, Dani Trillo e María Ordóñez, Diego Rey
Xénero: Teatro infantil/Comedia

Papá Merlo e Mamá Merlo teñen un merliño. Que ilusión! Un merliño! Pero cando o merliño nace, que desilusión! Que contrariedade! É branco!!! Pero como? Todos os merlos son negros! Todos os merlos son negros! Todos! O merliño ao verse rexeitado polos seus pais decide marchar da casa. É aquí cando comeza a aventura do noso merliño na busca de paxaros aos que asemellarse, porque, se non é un merlo, que é?



O SON DAS COUSAS
Sapristi

Autor: José Campanari / Dirección: José Campanari (escena) e Fdo. Reyes (sonora) / Elenco: Nuria Sanz, Patricia Vázquez / Xénero: Teatro infantil/Musical

Ao son do vento, os bocexos, croas das ras, o ladrado dun can, repenique dunha gota, o tictac dun reloxo... Estes e outros moitos sons forman parte da linguaxe deste espectáculo.
Sara e Berta, escoitadoras e colectoras de sons, andan de aquí para alá e xogan con canto son atopan ou recordan. Un espectáculo de clown para público de entre tres e cinco anos. Un xoguete escénico sonoro visual que fai unha viaxe lúdica por situacións cotiás ao son das cousas.
+info en: www.emedous.com



COMO SE CONCEBE UN ESPECTÁCULO PARA MONICREQUES

A resposta é unánime. Primeiro é necesario saber o que se quere contar e, a partir de aí, das necesidades que presenta o texto, hai que seleccionar unha estética e a técnica máis apropiada para lle dar forma: fíos, luvas, sombras, variñas, mesa ou calquera outro mecanismo de manipulación; logo, ese boneco ten que cumprir coa dramaturxia.

“O esencial non é saber taller nin carpintaría”, apunta Anxo García, de Viravolta.

“Estamos a facer teatro, entón o boneco non é un fin en si mesmo, senón un medio de expresión teatral. Unha marioneta para nós non é un obxecto que teña unha técnica de construción. A marioneta é o personaxe e hai que telo en conta”, explica Santiago Montenegro, de Artello-Teatro Alla Scala 1:5.

Toda a variedade de técnicas que existen para construír unha marioneta “permite diferentes formas de expresión”, segundo Eduardo Rodríguez, Tatán, de Tanxarina, pero tamén “impide o virtuosismo que os chineses tiñan, por exemplo, cos monicreques de luva”.



A CONSTRUCCIÓN DO BONECO

Obviamente, e por razóns técnicas, o proceso de creación é máis longo que o de calquera espectáculo de actor. Require, cóntannos, dunha investigación previa do sistema de construción e manipulación que se vai empregar e, posteriormente, toca a súa posta a punto. Dependendo da complexidade do boneco, só no seu proceso de construción, poden chegar a empregar ata catro meses. Son obra de cada compañía.

Os materiais son do máis variado: cartóns, plásticos, teas, madeira, cartón pedra... e óleos ou acrílicos para as cores.




QUE

MANEXAN

AS

CORDAS



“ESTAMOS A FACER TEATRO, ENTÓN O BONECO NON É UN FIN EN SI MESMO, SENÓN UN MEDIO DE EXPRESIÓN TEATRAL”

O piñeiro vermello é moi recorrido para construír marionetas por ser unha madeira branda, segundo nos explica Tatán, de Tanxarina. No caso do monicreque de luva, que adoita levar máis golpes na cabeza, emprégase madeira máis robusta.

“Facemos teatro, somos artistas non artesáns”, asevera Santiago Montenegro, de Artello. A esencia do oficio, segundo el, “non é o artesanal”, posto que a construción dos bonecos é “irrelevante” nese sentido, opina. “É o medio para chegar ao que necesitas, entón a técnica igual tes que inventala. Non é o tempo que che leva construír, empezas probando a través de algo sinxelo ata sacarlle a máxima expresividade. Non somos construtores de bonecos, somos actores que traballan con obxectos”, aclara.

O que si parece claro é que a idade do espectador non é proporcional ao grao de sofisticación da marioneta. “Non hai esa relación directa”, confesa Anxo, de Viravolta. A maior parte dos espectáculos para adultos son de obxectos, recorda. “A sofisticación debe ir na idea non no obxecto, hai que fuxir de efectismos. As habilidades técnicas están ben, pero non son o importante para un espectáculo”, di.



A MAXIA DAS MARIONETAS

Está, segundo apuntan, nas posibilidades que ofrecen de crear sobre o escenario mundos ficticios.

“Os monicreques teñen algo que os actores non poderían facer: voar, saltar, aparecer e desaparecer. Eses recursos aplicados nunha historia ben contada poden resultar un cóctel estupendo”, di Tatán, de Tanxarina.

Para eles é unha das expresións artísticas máis completas que existen. Permítenos expresar moitas máis cousas que o teatro de actor. Conceptos máis fantásticos, abstractos, máis plásticos... Hai que ter en conta que a gran maioría somos xente vinculada ás artes plásticas”, sinala Isabel Rey, de Kukas.

O MANIPULADOR

Jorge Rey, de Cachirulo, dá a definición perfecta: “Todo manipulador é un animador, a súa función ten máis que ver coa ánima que coa manipulación”, asinte. “O manipulador de monicreques dálle ánima, alma a un obxecto. Os monicreques poden ser máis ou menos elaborados, pero o importante é o que se vai producir no escenario”.

“Unha marioneta é como un instrumento á música”, asegura Isabel Rey.

O manipulador é a figura fundamental, que ten na súa man o poder de transmitir co obxecto que manexa. “Cobra vida grazas a ti. A través dese fio ti tiras del, pero tamén el de ti”, apunta Montenegro. El é dos que consideran que o manipulador é tamén actor, como Tatán, para quen “é un actor que por extensión do seu brazo, a través dos fíos, manexa o boneco e ten que transmitir esas emocións. Ten que poñer a voz, o sentimento e saber transmitir a través dos bonecos”.

Debe poñer da súa parte “toda a experiencia e o cariño que sente polo boneco”, engade Anxo, de Viravolta.

A ESPECIALIDADE DA CASA...

Artello-Teatro Alla Scala 1:5 avoga por non “hipotecarse” nunha linguaxe, nunha técnica. Recorren con frecuencia á sombra, aos pequenos bonecos de mesa ou ás variñas. Xeralmente, técnicas que non están tan tipificadas.

Viravolta adoita utilizar o monicreque de luva pola unión máis íntima que se produce entre actor e boneco.

Tanxarina emprega varias técnicas, aínda que normalmente gusta de mesturar o traballo artesanal co dos bonecos, a relación actor-marioneta.

A marioneta de fíos é a estrela da casa “pola complexidade que ten, posto que manipular con fíos implica moito ensaio”, reconece Tatán. Destaca que ten unha estética do movemento moito máis limpa, máis máxica. “Coa luz de fondo paréceme estupenda, marabillosa, e con ela podes contar calquera cousa”, afirma.

Os monicreques máis peculiares de Kukas son as súas grandes marionetas, que acadan ata os 1,60 metros de alto, que, porén, segundo nos aclaran, non son as máis difíciles de manipular porque teñen movementos moi parecidos aos das persoas. Sobre elas, conta Isabel, conseguen espectáculos entrañables. “Cando se move amodiño é importante como dirixe a mirada, a onde apunta, iso transmite moitas cousas”, asegura.

Os espectáculos de Cachirulo teñen tamén unha marca que os define porque traballan especialmente cun tipo de luva, a luva chinesa e con marionetas talladas en madeira.

A luva chinesa é un monicreque cunha técnica de manipulación que ten unha historia de case 400 anos, cóntanos Jorge Rey. É un boneco que require unhas calidades de construción e manipulación moi depuradas.

A madeira, explica en alusión ás súas marionetas, é un material nobre que produce unha maxia moi peculiar, ten unha cadencia, un ritmo, unha poesía.

O monicreque de luva, engade, ten unha axilidade e picardía que conecta co público a un nivel diferente. “Un é mais poético e outro é máis de acción”, matiza Jorge Rey.



OS COLOMBAÍÑOS

Os Colombaíños

Autores: Carlo Colombaioni e Os Colombaíños
Dirección: Carlo Colombaioni / Elenco: David Pernas, Clara González, José Leis, Vanesa Rivas, Xosé A. Touriñán, Keke Díez, Patricia Rodríguez e Cristina Ramallal
Xénero: Teatro infantil/Outros

Música en directo, malabares, zancos e acrobacia, presentes sempre nos espectáculos circenses, teñen cabida neste espectáculo.



OS SOÑOS NA GAIOLA

Compañía do Trinke Trinke

Autor/Dirección: David Pernas / Elenco: David Pernas e Vanesa Rivas / Xénero: Teatro infantil/Outros

Esta obra é unha homenaxe ao poeta Manuel María e nela danse a coñecer parte dos poemas do seu libro *Os soños na gaiola*. A obra preséntalles aos nenos os poemas a través da música e do xogo. Nun piso dunha cidade, sentado nun sofá, dorme un velliño que ata hai pouco vivía na súa aldea. Para que non estivese só, a súa filla tróuxoo a vivir con ela. Un día, por sorpresa, recibe a visita da súa neta (xa moza). Os dous van lembrar a pasada vida na aldea.



SEN TÍTULO 4X8X6 (TÉCNICA MIXTA SOBRE O ESCENARIO)

Os Monicreques de Kukas

Autor: Marcelino de Santiago (Kukas) / Dirección: Kukas e Isabel Rey / Elenco: Marcelino de Santiago, Helena Fernández, Alba Fernández, Alberte Viveiro e Isabel Rey
Xénero: Teatro infantil/Outros

Espectáculo que, mesturando actores e monicreques, nos permite facer unha viaxe polo mundo da arte introducindo o espectador no proceso da creación artística, nese momento máxico no que da nada xorden o xesto e as formas, e as cores e o movemento crean figuras e espazos, no que os sons se van convertendo en música e harmonía, no que a palabra se converte en poesía e canto, e no que, animadas pola música, as esculturas cobran vida converténdose en monicreques.



ANA VALLÉS

A AUTORA DAS PERSOAS

ANA VALLÉS LEVA ÁS SÚAS COSTAS MÁIS DUNHA VINTENA DE MONTAXES TEATRAIS AO LADO DA COMPAÑÍA MATARILE TEATRO, UN DOS PROXECTOS ESCÉNICOS GALEGOS DE MAIOR DIFUSIÓN E PRESTIXIO FÓRA DE GALICIA. TRAS ANOS DE TRABALLO, SABOREA AGORA O RECOÑECIMENTO Á SÚA TOTAL ENTREGA E AO SEU TALENTO. É SEGUIR ADIANTE, IMPRIMINDO CARÁCTER, PAIXÓN, ENERXÍA E ENTUSIASMO RENOVADO A TODO O QUE ASINA. A ANA VÉMOLA COMO A ETERNA PRECURSORA, COMO A AUTORA QUE PREFIRE AS PERSOAS SOBRE AS PERSONAXES, COMO A PIONEIRA NA APOSTA POLA INTERCONEXIÓN DE TODAS AS LINGUAXES ESCÉNICAS, COMO A MESTRA NO MANEXO DA CREACIÓN COLECTIVA. VÉMOLA, SOBRE TODO, ENTREGADA AO LÍMITE, SINCERA E COHERENTE COA SÚA TRAXECTORIA E CO SEU ESTILO.



ALLÉS

Dende 1986 en que se fundou e ata hoxe Matarile Teatro é mostra da interrelación que existe entre teatro, música e danza, non si?

Matarile é unha cousa parella que creamos Baltasar Patiño e máis eu a partir do noso taller de marionetas. Buscamos outras formas de facer teatro e a min sempre me gustou máis a danza. Teño xa o disco raiado de dicir que o teatro non é só a literatura escrita. Para min a palabra ten tanta importancia como calquera outra cousa e paréceme máis suxestiva a imaxe dun corpo que o que me di. En danza eu sempre vin creación, que é o que máis boto en falla no teatro; non dicir “imos facer tal obra”, senón “imos facer, imos facer”. Porque o teatro hoxe en día está hiperligado á palabra e a min paréceme un lugar privilexiado de liberdade para amosar moitas linguaxes.

Cando recordas un sono, lembrás unha sensación, unha imaxe, cores... pero que palabras! A palabra por si soa non é nada.

Dende a vosa primeira obra, *O cumpreanos da infanta*, ata *Truenos & misterios* hai quizais unha evolución cara á premisa fundamental que define o teatro de Matarile: facer teatro para as persoas. Que se entende por iso?

É un discurso recente polo que agora aposto totalmente. Antes falaba máis de figuras, escribía guións, pero agora fago todo o traballo cos actores en escena durante o proceso. O meu teatro evolucionou nese senso. Nunca traballei sobre personaxes, porque non me gusta, paréceme que a idea dun personaxe de ficción sobre un escenario non nos di nada. Prefiro afondar máis sobre as peculiaridades persoais dos actores. En-

“CANDO RECORDAS UN SONO, LEMBRAS UNHA SENSACIÓN, UNHA IMAXE, CORES..., PERO QUE PALABRAS! A PALABRA POR SI SOA NON É NADA”

tón, hai como un equilibrio no proceso entre o que eu quero contar e o que me poden achegar os actores.

É o actor, entón, unha peza chave na súa forma de entender o teatro. Podemos dicir que interpretan en tanto en canto que senten, que son persoas?

Por suposto. Basean as súas interpretacións nas súas propias formas de ser, pero iso non quere dicir que se poñan en escena e listo. Hai un traballo duro de selección en que eu escollo o que me parece interesante do persoal, porque penso que o que separa o que é absolutamente persoal e non interesa a ninguén do que é persoal e transcende é unha liña moi delgada. Entón iso é o que hai que ir buscando.

De que forma determina isto o seu papel como directora?

É un papel estraño no que tes que saber que pedirlle a cada persoa. Eu busco ou intúo formas coas que quero traballar. Os ensaios fanse todos a base de improvisacións nas que se vai sumando material día a día. Antes de empezar ese período de encontro, escribölles aos actores tres cartas nas que vou recompilando material: fotos, esbozos de escenas, diálogos, películas, reflexións e cousas que me andan pola cabeza e que me serven para buscar unha forma para ese espectáculo.

Nas súas obras indaga constantemente na esencia do ser humano con reflexións continuas sobre a morte que contrapón a conceptos como o vitalismo. Que relación establece entre eles?

Para min é imposible falar da vida e non falar da morte. A min gústame falar da morte pero dende a reafirmación da vida. E gustárame que se vira sen dramatismos. Autores aos que admiro como Fellini, Kusturica... tratan esta cuestión. Creo que vivimos nun momento na nosa cultura occidental en que a arte pesimista ten mellor prensa que a optimista, e eu non son optimista, para nada, pero si vitalista. Hoxe en día a comunicación é case

“AO TEATRO NON SE VAI IGUAL QUE CANDO VAS VER UNHA PELÍCULA. TI VAS VER PERSOAS. POR ISO POÑER UN PERSONAXE FICTICIO EN ESCENA A MIN NON ME TEN SENTIDO HOXE EN DÍA”

virtual: anteponse o móbil á conversa, a pantalla do ordenador á relación persoal, a arte virtual á arte do encontro entre as persoas. Eu, en todo, reafirmo o contrario; e por iso, gústame facer celebracións. O escenario é un punto de encontro entre unhas persoas que estamos enriba e outras que están abaixo e iso non se pode obviar. É un encontro entre persoas directo e é dos poucos redutos que quedan na arte. Ao teatro non se vai igual que cando vas ver unha película. Ti vas ver persoas. Por iso poñer un personaxe ficticio en escena a min non me ten sentido hoxe en día.

É defensora tamén do teatro entendido como un espazo de confrontación e intercambio, e ao abeiro desta convicción naceu o Teatro Galán en 1993. O seu peche demostrou que sen o paternalismo as salas alternativas están abocadas a desaparecer?

A autoxestión é complicadísima. A min non me gustaría chamarlle paternalismo. Se a administración o ve así, temos un problema. Se aquí houbera un mercado en que fora de consumo cotiá o teatro, a danza, as artes plásticas, non se necesitaría nin o amparo das subvencións. Pero como non hai mercado e o mercado está ao amparo da institución, eu quero un espazo para vivir e iso

significa cartos. Eu creo que herdamos do franquismo unha mentalidade propia da Lei de vagos e maleantes: somos os que viven do conto. Isto aínda non o sacamos da cabeza.

A que dedican o Galán actualmente, como reorientou a súa actividade?

A sala segue a ser a sede da nosa compañía e é o lugar de traballo doutras compañías que nós apoiamos e que a usan para ensaiar. Agora tamén subsiste grazas a que o Centro Coreográfico a través duns convenios nos fai alugueiros para facer residencias dalgunhas das súas producións.

Puxo vostede en marcha o Festival Internacional de Danza “En pé de pedra”, que este ano celebrou a súa 12ª edición. Que lle parecen novas iniciativas como “Vacuo”, do CCG, que continúan nesa liña de facer danza para paseantes?

Isto é resultado de “En pé de pedra”, porque abriu moitos camiños, igual que todo o que se fixo en Galán pola danza que vai na nosa liña de traballo como compañía. E pensamos: imos sacar a danza do teatro para buscar un público potencial. A xente veo, pásao ben, repite. Ese público está aí. Ademais, a danza en Galicia vive un momento



doce coa creación do Centro Coreográfico, co que se abre un marco que non existía. Os bailaríns pódense quedar a traballar aquí, van poder formarse e ofréceselles mesmo coproducións e unhas condicións moi boas para que aposten por quedar a traballar aquí e por crear compañías.

Que demostra o éxito destes festivais con respecto ao público?

Cousas estupendas. Por un lado, que a arte contemporánea non ten por que ser elitista, senón que é algo que está ao alcance de calquera entendemento. Por outro lado, demostra que se pode recuperar o acontecemento público, que a min me parece fundamental. A idea de festival remíteme á orixe etimolóxica da palabra, festa, celebración. Con “En pé de pedra” prodúcese algo na cidade e na forma en que o público a goza eses días. Non hai barreira entre escenario e espectador. Todos somos protagonistas.

Déanos a súa visión da situación actual do teatro en Galicia.

Para min o máis ilusionante é o que poida ocorrer na danza. Creo que se podería apostar polo teatro igual que se pode apostar pola danza. Tamén cómpre engadir que estaría ben que houbera máis diálogo entre os sectores implicados para saber cara a onde imos e cara a onde queremos ir.



**ANA VALLÉS
SEN TEATRO**

Cinema e teatro-cinema ou teatro?

Cinema, determinado tipo de cinema. Porque como cada vez me interesa menos a ficción, vexo un tipo de cine en que se me achega máis ás persoas, que son miradas case máis de documental que de ficción. En definitiva, certo cine que se achega máis ao documental, por suposto, cine de autor.

Que facemos coa televisión?

É unha pregunta difícil. A televisión é algo moi útil, pero paréceme todo un desastre o que se fai en televisión e entón non só non é útil, senón que me parece que redunde nos aspectos peores que se supón que consome o público.

Cal foi a última película que viu?

Café y cigarrillos, de Jim Jarmusch

E o último libro que leu?

Nieve, de Orhan Pamuk

Que música adoita escoitar?

Gústame moito a música. Ultimamente nos espectáculos uso música moi popular porque creo que está na memoria colectiva. Son bastante omnívora coa música. Actualmente o que me encanta son as pachangas, formacións de vento...

Pensada para o teatro ou para consumo propio?

E que está todo mesturado porque en teatro uso a música que a min me gusta.

O tempo libre que lle deixa o teatro a que o dedica?

A nada. A nada particular. Agora hai moito que non teño tempo libre e encantaríame ter tempo para perdelo.

Confésenos un vicio, se o ten...

Fumar, declárome fumadora, non penso en deixalo.

Que cidade lle gusta?

Estou pensando en irme vivir a Porto. Porto encántame e Lisboa tamén, porque é a única cidade do mundo á que cheguei e dixeran “viviría aquí soa, gustaríame vivir aquí”.

Na oficina, que tal se leva coas novas tecnoloxías?

Fatal, son un desastre.

E na cociña, dáselle ben...

Gústame cociñar con tempo. Sáenme moi ben os arroces e gústame facer sobremesas.

Que lle diría ao espectador que vai ver por primeira vez unha obra de Matarile Teatro?

Diríalles simplemente que o tome ou o deixe, igual que se sitúa ante unha fotografía ou ante unha danza, que se sente...

E aos actores que comezan a facer teatro?

Diríalle que se deixaran de facer Shakespeare e fixeran algo dunha vez.

De onde vén a súa vocación polo teatro?

Non tiven vocación temperá e cheguei por casualidade, isto cóntoo en *Truenos & misterios*, tamén. Da infancia podo recordar algún libro, algunha película, pero de teatro nada, non me interesaba para nada. Cheguei polas marionetas, por construír marionetas, foi así.



SOMBREIROS SEN CHAPEU

Tanxarina Títeres

Autor: Tanxarina / Dirección: Eduardo R. Cunha «Tatán» e Miguel Borines / Elenco: Miguel Borines, Andrés Giráldez, Eduardo R. Cunha «Tatán» / Xénero: Teatro infantil/Monicreques

Tres sombreiros, construtores de sombras, lévannos da súa man a un espectáculo músico-visual composto de pequenas historias onde personaxes como Charlot, o camiñante, a cantante de ópera, o manipulador de monicreques e outros van facer as delicias de pequenos e grandes.

+info en: www.tanxarina.com



UN AVÓ ESPECIAL

Migallas Teatro

Autores: María Campos e Carlos Yus / Dirección: María Campos / Elenco: María Campos e Carlos Yus

Abórdase a enfermidade do Alzheimer para axudar a comprender situacións que poden vivir moitas familias. Cun enfoque humorístico, para fomentar actitudes optimistas coas que afrontar os problemas da doenza e amosar a importancia que teñen os nenos para que os maiores vivan momentos felices. A relación dos nenos cos avós, transmisores da sabedoría tradicional de cada pobo fronte á uniformidade cultural. Os ditos tradicionais, lerías e enredos son un elemento máis da obra.

+ info en: www.migallas.com



UNHA MERENDA DE ALICIAS

Sapristi

Autor: José Campanari (a partir de textos de L. Carroll) Dirección: José Campanari / Elenco: Patricia Vázquez e Nuria Sanz / Xénero: Teatro infantil/Contemporáneo

Os obxectos dunha mesa posta para a merenda interaccionan entre eles, dando lugar a situacións e personaxes da obra de L. Carroll. Flores que falan dos seus medos, Humty Dumpty e os seus regalos de in-aniversario, o coello branco que sempre está apurado porque chega tarde, a Raíña de Corazóns disposta a cortarlle a cabeza a quen a contradiga... Personaxes que forman parte deste tempo de espera, mentres os convidados non chegan e os reloxos anuncian que son as seis do día 4 e xa está todo listo para recibilos.

+ info: www.emedous.com



**O NOVO CIRCO DE GALICIA
AGLUTINA TODO O TRABALLO DOS
DIVERSOS COLECTIVOS QUE DENDE
HAI TEMPO LEVAN DEDICÁNDOSE
ÁS DIFERENTES FACETAS DESTE
XÉNERO ARTÍSTICO NO NOSO PAÍS,
AGORA IDENTIFICADOS BAIXO
ESTA DENOMINACIÓN POLO SEU**

**LABOR COMÚN NA PROCURA DE PROPAGAR ESTA SORTE
ARTÍSTICA QUE ENVOLVEU E ENRIQUECEU O CIRCO TRADI-
CIONAL. NA SEDE DA FEDERACIÓN, EN NOVO MILLADOIRO,
PREPARAN NOVOS E VARIADOS ESPECTÁCULOS.
PASEN, GOCEN E PREPÁRENSE PARA UN DOBRE SALTO
MORTAL.**

MÁIS ALÁ DO MÁIS DIFÍCIL

Kamikaze é o nome do último espectáculo que unha das compañías que se insiren neste colectivo, PistaCatro, acaba de presentar en coprodución co Centro Dramático Galego e unha das moitas manifestacións que se cociñan no Novo Circo de Galicia.

Kamikazes dinse tamén os protagonistas deste movemento artístico que comeza a acadar certo pulo no noso país. Dende o sentido máis romántico do termo, non teñen medo a estrelarse. Facer circo hoxe en día é escoller un modo de vida moi persoal, pero con riscos. Para empezar, porque camiñan pola corda frouxa, pero esta vez literalmente.

A corrente do Nouveau Cirque francés que se desenvolveu en Europa nos anos setenta trouxo consigo novos aires de creatividade para o que ata entón era un circo decadente, minoritario.

As artes escénicas como o teatro, a danza, a música... recupéranse en favor dun espectáculo máis intimista que tende a fuxir da carpa pero non renuncia ao risco, á fascinación, nin á parada final, senón que substitúe esa sucesión inconexa de números grandilocuentes, moitos deles feitos con animais, por un espectáculo en que a técnica está ao servizo da expresión artística.

O Novo Circo non busca o asombro do espectador facéndoo testemuña dunha situación límite, do “máis difícil aínda”, senón, simplemente, marabillalo dende o optimismo.

No polígono industrial de Novo Milladoiro está dende hai un tempo o xermolo deste Novo Circo galego, nunha nave acondicionada polos propios membros que integran este colectivo para ser o seu local de adestramento, a súa sede e, tamén, para ser empregada para a didáctica de técnicas circenses e obradoiros dirixidos aos máis pequenos.

“A nave significou un antes e un despois; era unha necesidade básica pola que levabamos loitando moitos anos porque os colectivos necesitabamos un espazo e non andar tan dispersos. Isto permítenos xuntarnos e mollarnos artisticamente todos”, explícanos Pablo Reboleiro, membro do colectivo PistaCatro e da Asociación de Circo e Cabaré Pista Cinco.

Recorda como hai uns anos, en cidades como Santiago, se xestou todo, na chamada Casa Encantada. “Alí empezamos moitos de nós, aínda estudantes, facendo malabares e actividades ás que lles collemos gusto ata que decidimos ampliar a nosa formación no estranxeiro”, cóntanos.





CIL AÍNDA




Ao seu abeiro celebrouse a primeira edición da Festa do Circo, que actualmente se organiza na Sala Nasa e que conta cunha programación de tres días que recolle unha ampla variedade de espectáculos circenses: cabaré, clown, teatro, malabares...

“Gústanos facer cousas estrañas en canto que interesantes e darlles un sentido artístico”, sinala Pablo. “Somos actores, bailaríns, pallasos, non escapamos da espectacularidade porque todo o que facemos é espectacular tamén, pero podemos facer grandes espectáculos tendo en conta a persoa, o espectador, seguindo esa parte máis intimista do novo circo”, apunta.

E na busca dese contacto máis próximo co público, a rúa convértese no mellor dos escenarios. O festival D’Gorra, que se celebra cada ano polas rúas de Compostela, dá conta diso.

“D’Gorra naceu hai tres anos pola necesidade que tiñamos de actuar e de que se recoñecese o noso dereito de poder facelo na rúa porque, moitas veces, non tiñamos outro sitio onde traballar. Aquí hai unhas prazas maravillosas, teatros maravillosos, hai moi bos artistas, e moitos turistas e paseantes que buscan algo máis que unhas tapas no Franco”, recoñece. “Porén –engade– vai haber un momento en que as



cousas van valer o que vallan, non vai poder ser sempre de gorra porque non é esta a única forma de facer teatro na rúa. Noutros espectáculos os artistas saen á rúa pero cobran o seu caché”, di.

Corre da súa conta a arte de “saber parar” o que pasea nese momento pola cidade, facer dunha praza un escenario e arrincarlle un sorriso ou asombralo cos seus xogos de acrobacia e malabares.

Ben é certo que parte dese mesmo público pode, tamén, desmerecer o seu traballo identificándoos con calquera cultura urbana, como o movemento okupa, do que eles mesmos se desvinculan: “Non se trata de vulgar a ninguén, de feito eu tamén fun okupa –aclara–, pero a diferenza entre nós é artística. Eu regalolles corenta ou cincuenta minutos de espectáculo e, ao rematar, paso unha gorra e dígolles por que o estou facendo. Dígolle á xente que valore o meu traballo porque isto é un traballo e tras el hai moitas horas de ensaio”, asevera Pablo Reboleiro. É o seu traballo, a súa arte, e queren profesionalizala.

A resposta para quen un día, pola rúa, antes de pararse a ver, se pregunte, de onde saíron estes? Si, si, é esa: do circo.

ponte en escena!!

700 EN 2007

A programación do último cuadrimestre de 2007 da Rede Galega de Teatros e Auditorios acollerá un total de 324 funcións, cifra que permitirá pechar o ano cun balance global de 700 actuacións de teatro de actor, monicreques, danza, maxia e música de cámara nos 45 espazos de toda Galicia que configuran o principal circuíto de distribución da nosa escena.

Unha das máis destacadas novidades que presenta a rede a partir de setembro é a estrea do portal galescena.info, espazo virtual que se pon en marcha cunha dobre orientación: cara ao público, como axenda das funcións e concertos enmarcados nas distintas programacións da Consellaría de Cultura e Deporte e cun sistema de socios que permitirá un contacto personalizado cos espectadores segundo os seus intereses e preferencias; e cara aos profesionais do sector, como principal instrumento de traballo para programadores, compañías escénicas e grupos de música en relación cos circuítos promovidos polo IGAEM. Neste último caso, a intranet de galescena.info é xa o sistema que se está a empregar tanto no marco da RGTA como da Rede Galega de Salas e da Rede Galega de Música ao Vivo para

**UNHA DAS MÁIS
DESTACADAS
NOVIDADES QUE
PRESENTA A REDE
A PARTIR DE SETEMBRO
É A ESTREA DO PORTAL
GALESCENA.INFO**

realizar o proceso de inscrición, contratación e recollida de datos de asistencia, entre outros trámites.

A Rede Galega de Teatros e Auditorios conta, pois, cun novo soporte que incide na renovación e ampliación das vías de contacto cos espectadores, reais e potenciais, na procura dunha maior visibilidade e implantación social e, en consecuencia, dun progresivo aumento de público para a escena galega. Neste segundo período, avánzase tamén na tendencia iniciada a primeiros de ano coa entrada en vigor do novo regulamento polo que se rexe a rede, cun programa máis intenso que, nestes últimos catro meses, case que duplica o número de funcións realizadas durante o último semestre de 2006.

O teatro galego protagoniza máis do 78% da carteleira deste cuadrimestre, coa participación de 21 compañías con propostas dirixidas ao público adulto, 12 de teatro infantil e 6 de monicreques e unha media que supera as 5 funcións por espectáculo programado. O resto das actuacións corresponden á danza, tanto de compañías galegas (10 funcións) como non

galegas (7 funcións), así como á música de cámara (19 concertos) e ao teatro chegado de fóra de Galicia (25 funcións).

Son en total 70 compañías as que, con 78 propostas artísticas, configuran esta nova programación coa que a Rede Galega de Teatros e Auditorios pecha un ano de novidades a diferentes niveis, pero cunha prioridade común: reforzar a presenza pública do circuíto e fomentar unha imaxe de marca baseada na calidade, dinamismo e estabilidade das súas programacións.



PROGRAMACIÓN
SETEMBRO-DECEMBRO 2007


[consultar posibles modificacións de carteleira
en www.galescena.info]

Data	Hora	Concello/Espazo	Compañía	Espectáculo	Páx. ficha
Setembro					
martes 4	22.30	O Carballiño / Auditorio Municipal	NOVE DOUS	<i>Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas</i>	6
venres 7	21.00	Ribadavia / Auditorio da Casa da Cultura	ORQUESTRA DE CÁMARA «SOLISTAS DE GALICIA»	<i>Música clásica galega</i>	42
venres 7	21.00	Ponteareas Auditorio Municipal Reveriano Soutullo	SARABELA TEATRO	<i>Macbeth</i>	8
sábado 8	20.00	Santiago de Compostela / Teatro Principal	GALITOOON	<i>Golulá</i>	10
sábado 8	20.30	Oleiros / Auditorio Gabriel García Márquez	CARLOS BORSANI Y EL GAD	<i>Los desastres del dinero</i>	4
domingo 9	17.00	Ames / Casa da Cultura de Bertamiráns	ARELA DAS ARTES	<i>Arela Miúda en: O recuncho de Anabel</i>	10
domingo 9	20.00	Santiago de Compostela / Teatro Principal	GALITOOON	<i>Golulá</i>	10
mércores 12	21.00	Santiago de Compostela / Teatro Principal	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	6
xoves 13	21.00	Santiago de Compostela / Teatro Principal	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	6
venres 14	21.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	BACANA	<i>Hendaya mon amour</i>	8
sábado 15	19.00	A Coruña / Forum Metropolitano	TÍTERES CACHIRULO	<i>Do, re, mi, Mozart xoga aquí</i>	10
sábado 15	21.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	ORQUESTRA DE CÁMARA «SOLISTAS DE GALICIA»	<i>Música clásica galega</i>	42
domingo 16	17.00	Ames / Casa da Cultura do Milladoiro	SAPRISTI	<i>Unha merenda de Alicia</i> s	18
venres 21	20.30	Ourense / Auditorio Municipal	NOVE DOUS	<i>Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas</i>	6
venres 21	20.30	Arteixo / Centro Cívico Cultural	GALITOOON	<i>Golulá</i>	10
venres 21	21.00	Ourense / Teatro Principal	MATARILE TEATRO	<i>Truenos & misterios</i>	9
sábado 22	19.00	A Coruña / Forum Metropolitano	TÍTERES TROMPICALLO	<i>Bolboreta</i>	10
sábado 22	20.00	Narón / Auditorio Municipal	TEATRO DE NINGURES	<i>Emigrados</i>	8
sábado 22	20.30	Ourense / Auditorio Municipal	NOVE DOUS	<i>Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas</i>	6
sábado 22	21.00	Ourense / Teatro Principal	MATARILE TEATRO	<i>Truenos & misterios</i>	9
sábado 22	21.00	Santiago de Compostela / Teatro Principal	BACANA	<i>Hendaya mon amour</i>	8
sábado 22	21.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	CAPRICCIO VOCALE	<i>Recital de canción galega e zarzuela</i>	42
sábado 22	22.00	Sanxenxo / Pazo Emilia Pardo Bazán	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>O faro</i>	9
domingo 23	20.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	SKENÉ TEATRO	<i>A asemblea das mulleres</i>	5
domingo 23	20.30	Vigo / Centro Cultural Caixanova	NOVE DOUS	<i>Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas</i>	6
domingo 23	21.00	Santiago de Compostela / Teatro Principal	BACANA	<i>Hendaya mon amour</i>	8
xoves 27	21.00	Santiago de Compostela / Teatro Principal	SARABELA TEATRO	<i>Macbeth</i>	8
venres 28	18.00	Sada / Casa da Cultura Pintor Lloréns	TANXARINA TÍTERES	<i>Sombreiros sen chapeu</i>	18
venres 28	20.30	A Coruña / Teatro Rosalía	TEATRO DO MORCEGO	<i>O burgué</i> s fidalgo	9
venres 28	20.30	Arteixo / Centro Cívico Cultural	MIGALLAS TEATRO	<i>Un avó especial</i>	18
venres 28	21.00	Santiago de Compostela / Teatro Principal	SARABELA TEATRO	<i>Macbeth</i>	8
venres 28	21.00	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	TEATRO DO NOROESTE	<i>Romeo e Xulieta</i>	9
sábado 29	18.00	Vigo / Centro Cultural Caixanova	OS MONICREQUES DE KUKAS	<i>Sen Título 4X8X6 (técnica mixta sobre o escenario)</i>	13
sábado 29	19.00	A Coruña / Forum Metropolitano	VIRAVOLTA TÍTERES	<i>Paxaro de lume</i>	9
sábado 29	20.30	A Coruña / Teatro Rosalía	TEATRO DO MORCEGO	<i>O burgué</i> s fidalgo	9
sábado 29	21.00	Ponteareas Auditorio Municipal Reveriano Soutullo	CARLOS BORSANI Y EL GAD	<i>Los desastres del dinero</i>	4
sábado 29	21.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	GRUPO DE MÚSICA ANTIGA MARTÍN CÓDAX	<i>Que eu sei muit' amar. O amor cortés na Europa Medieval</i>	42



Data	Hora	Concello/Espazo	Compañía	Espectáculo	Páx. ficha
Outubro					
xoves 4	20.15	Monforte de Lemos / Edificio Multiúsos	SARABELA TEATRO	Margar no pazo do tempo	8
xoves 4	20.30	Ourense / Auditorio Municipal	TEATRO DO NOROESTE	Romeo e Xulieta	9
venres 5	20.00	Boiro / Casa da Cultura Ramón Martínez López	SAPRISTI	Unha merenda de Alicias	18
venres 5	20.30	Pontevedra / Teatro Principal	NUT TEATRO	Corpos disidentes	8
venres 5	20.30	Arteixo / Centro Cívico Cultural	TALÍA TEATRO	Quero ser grande	9
venres 5	20.30	Ourense / Auditorio Municipal	TEATRO DO NOROESTE	Romeo e Xulieta	9
venres 5	20.30	Culleredo/ Edificio de Servizos Múltiples	LAGARTA LAGARTA	As últimas lúas	6
venres 5	21.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	TEATRO DO MORCEGO	O burgués fidalgo	9
venres 5	21.30	Burela / Casa da Cultura	CARLOS BORSANI Y EL GAD	Los desastres del dinero	4
venres 5	21.30	Tui / Teatro Municipal Área Panorámica	SARABELA TEATRO	Margar no pazo do tempo	8
sábado 6	19.00	Cangas / Auditorio Municipal	KARLIK DANZA - PROD. JAVIER LEONI	Niña Frida	34
sábado 6	20.30	A Coruña / Teatro Rosalía	MARCO VARGAS Y CHLOÉ BRÛLÉ	Cuando uno quiere y el otro no	34
sábado 6	20.00	Narón / Auditorio Municipal	SARABELA TEATRO	Margar no pazo do tempo	8
sábado 6	20.30	Vilalba / Auditorio Carmen Estévez Eguiagaray	TEATRO DE NINGURES	Emigrados	8
sábado 6	20.30	Ortigueira / Teatro da Beneficencia	NOVE DOUS	Ás veces sentímonos tan cansos que facemos estas cousas	6
sábado 6	21.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	DÚO AD REM	Música española e galega (proposta 1ª)	42
domingo 7	18.30	Carballo / Pazo da Cultura	SARABELA TEATRO	Cristovo e as marabillas	10
domingo 7	20.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	CARLOS BORSANI Y EL GAD	Los desastres del dinero	4
domingo 7	20.30	Vigo / Centro Cultural Caixanova	NUT TEATRO	Corpos disidentes	8
xoves 11	20.30	A Coruña / Teatro Rosalía	TEATRO DO NOROESTE	Romeo e Xulieta	9
xoves 11	20.30	Ourense / Auditorio Municipal	FULANO, MENGANO E CITANO	O faro	9
xoves 11	21.00	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	SARABELA TEATRO	Margar no pazo do tempo	8
venres 12	20.30	A Coruña / Teatro Rosalía	TEATRO DO NOROESTE	Romeo e Xulieta	9
venres 12	20.00	Narón / Auditorio Municipal	TEATRO DO ATLÁNTICO	A bombilla máxica	4
sábado 13	20.00	Narón / Auditorio Municipal	TEATRO DO ATLÁNTICO	A bombilla máxica	4
sábado 13	20.30	Cangas / Auditorio Municipal de Cangas	DISQUE DANZA	Cadanseu chapeu	34
sábado 13	21.30	Sanxenxo / Pazo Emilia Pardo Bazán	ESPELLO CÓNCAVO	Zardígot	9
domingo 14	21.00	Carballo / Pazo da Cultura	TEATRO DO ATLÁNTICO	A bombilla máxica	4
mércores 17	20.00	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	QUINTETO DE VENTO METAL SANTA CECILIA	Concerto de vento metal	42
mércores 17	20.30	Pontevedra / Teatro Principal	TEATRO DO NOROESTE	Romeo e Xulieta	9
xoves 18	12.00	Burela / Casa da Cultura	TEATRO DO MORCEGO	O burgués fidalgo	9
venres 19	20.30	Redondela / Multiúsos da Xunqueira	VOCALISE	A volta ao mundo en 747 compases	42
venres 19	20.30	Narón / Auditorio Municipal	ANCORA PRODUCCIÓNS	Medidas preventivas	9
venres 19	20.30	Tui / Teatro Municipal Área Panorámica	TÍTERES TROMPICALLO	Bolboreta	10
venres 19	21.00	Carballo / Pazo da Cultura	UR TEATRO	El chico de la última fila	8
venres 19	21.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	TEATRO DE ADRO	Zipi e Zape	9
venres 19	21.00	As Pontes de García Rodríguez / Cine Alovi	MOFA E BEFA	Sempre ao lonxe	9
venres 19	21.00	Ames / Casa da Cultura do Milladoiro	TEATRO DO ATLÁNTICO	A bombilla máxica	4
venres 19	21.00	Boiro / Casa da Cultura Ramón Martínez López	NOVE DOUS	Fóra de xogo	8
venres 19	21.30	Burela / Casa da Cultura	TEATRO DO MORCEGO	O burgués fidalgo	9
venres 19	22.00	Muros / Centro Cultural e Xuvenil	LAGARTA LAGARTA	As últimas lúas	6
sábado 20	18.00	Vigo / Auditorio Municipal	ARELA DAS ARTES	Arela Miúda en: O recuncho de Anabel	10
sábado 20	18.30	Muros / Centro Cultural e Xuvenil	SAPRISTI	Unha merenda de Alicias	18
sábado 20	20.30	Ribadavia / Auditorio da Casa da Cultura	TEATRO DO ATLÁNTICO	A bombilla máxica	4
sábado 20	20.30	Lugo / Auditorio Municipal Gustavo Freire	UR TEATRO	El chico de la última fila	8
sábado 20	20.00	Narón / Auditorio Municipal	ANCORA PRODUCCIÓNS	Medidas preventivas	9
sábado 20	20.30	Viveiro / Teatro Pastor Díaz	LAGARTA LAGARTA	As últimas lúas	6
sábado 20	20.30	Cangas / Auditorio Municipal	JAVIER MARTÍN	Insultos privados	34

Data	Hora	Concello/Espazo	Compañía	Espectáculo	Páx. ficha
Outubro					
sábado 20	21.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	TEATRO DE ADRO	Zipi e Zape	9
domingo 21	20.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	TEATRO DO MORCEGO	O burgués fidalgo	9
domingo 21	20.00	Sada / Casa da Cultura Pintor Lloréns	TEATRE ARCA	Asesinos anónimos	8
martes 23	11.30	Monforte de Lemos / Edificio Multiúsos	TÍTERES TROMPICALLO	Bolboreta	10
martes 23	20.30	Ferrol / Teatro Jofre	SARABELA TEATRO	Cristovo e as marabillas	10
mércores 24	11.30	Monforte de Lemos / Edificio Multiúsos	COMPAÑÍA DO TRINKE TRINKE	Os sonhos na gaiola	13
xoves 25	11.30	Monforte de Lemos / Edificio Multiúsos	TANXARINA TÍTERES	Sombreiroiros sen chapeu	18
xoves 25	20.30	Pontevedra / Teatro Principal	SKENÉ TEATRO	A asemblea das mulleres	5
venres 26	11.30	Monforte de Lemos / Edificio Multiúsos	GALITON	Golulá	10
venres 26	11.30	Pontevedra / Teatro Principal	SKENÉ TEATRO	A asemblea das mulleres	5
venres 26	20.00	Boiro / Casa da Cultura Ramón Martínez López	SARABELA TEATRO	Cristovo e as marabillas	10
venres 26	20.30	Vigo / Centro Cultural Caixanova	TEATRO DO MORCEGO	O burgués fidalgo	9
venres 26	20.30	Ourense / Auditorio Municipal	TEATRE ARCA	Asesinos anónimos	8
venres 26	20.30	Redondela / Multiúsos da Xunqueira	ANA DOCAMPO E JUAN ENRIQUE MIGUÉNS, SOPRANO E GUITARRA	Dúo Docampo e Miguéns	42
venres 26	20.30	Viveiro / Teatro Pastor Díaz	VOCALISE	A volta ao mundo en 747 compases	42
venres 26	21.00	As Pontes de García Rodríguez / Cine Alovi	TEATRO MERIDIONAL	Cyrano	8
venres 26	21.00	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	FULANO, MENGANO E CITANO	Arte	5
venres 26	21.00	Ames / Casa da Cultura de Bertamiráns	ALBIONS TEATRO	Fridon Spik	8
venres 26	21.00	Foz / Sala Bahía	TEATRO DO ATLÁNTICO	A bombilla máxima	4
venres 26	21.30	Lalín / Novo Salón Teatro	NOVE DOUS	Fóra de xogo	8
venres 26	21.30	Burela / Casa da Cultura	TALÍA TEATRO	Quero ser grande	9
venres 26	22.30	O Carballiño / Auditorio Municipal	CARLOS BORSANI Y EL GAD	Los desastres del dinero	4
venres 26	22.00	Noia / Teatro Coliseo Noela	MOFA E BEFA	Sempre ao lonxe	9
sábado 27	18.00	Vigo / Auditorio Municipal	OS QUINQUILLÁNS	O mago de Oz	12
sábado 27	20.00	Narón / Auditorio Municipal	TEATRO DE ADRO	Zipi e Zape	9
sábado 27	20.30	Cangas / Auditorio Municipal	PISANDO OVOS	30.000	34
sábado 27	20.30	Ortigueira / Teatro da Beneficencia	CHELICIA, CUARTETO DE VIOLONCHELOS DE COMPOSTELA	Cuarteto de chelos	42
sábado 27	21.00	Ribadavia / Auditorio da Casa da Cultura	QUINTETO DE VENTO METAL SANTA CECILIA	Concerto de vento metal	42
sábado 27	22.30	Gondomar / Auditorio Municipal Lois Tobío	NOVE DOUS	Fóra de xogo	8
domingo 28	19.00	A Coruña / Teatro Rosalía	INQUEDANZA-ENTRE MANS	En la cuenca de tus ojos	
domingo 28	19.00	Cambados / Auditorio Municipal A Xuventude	NOVE DOUS	Fóra de xogo	8
domingo 28	19.30	San Sadurniño / Centro Sociocultural	CARLOS BORSANI Y EL GAD	Los desastres del dinero	4
domingo 28	20.30	Betanzos / Aula Municipal de Cultura	ANCORA PRODUCCIÓN	Medidas preventivas	9
martes 30	20.30	Ferrol / Teatro Jofre	NOVE DOUS	Fóra de xogo	8
mércores 31	20.30	A Coruña / Teatro Rosalía	TEATRO GALILEO	Rosso profundo in punto di morte	4
mércores 31	20.00	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	INTERMISSION DÚO DE PERCUSIÓN	En-trance	42
mércores 31	20.30	Vigo / Centro Cultural Caixanova	ANCORA PRODUCCIÓN	Medidas preventivas	9
Novembro					
xoves 1	19.00	A Coruña / Teatro Rosalía	TEATRO GALILEO	Rosso profundo in punto di morte	4
venres 2	20.30	Narón / Auditorio Municipal	AVANCE PRODUCCIONES TEATRALES S.L.	Afterplay	5
venres 2	20.30	Redondela / Multiúsos da Xunqueira	CODETTA, ORQUESTRA DE CÁMARA	Pequena serenata nocturna	42
venres 2	20.30	Arteixo / Centro Cívico Cultural	ANCORA PRODUCCIÓN	Medidas preventivas	9
venres 2	20.30	Ortigueira / Teatro da Beneficencia	TALÍA TEATRO	Quero ser grande	9
venres 2	21.00	As Pontes de García Rodríguez / Cine Alovi	TEATRO DE ADRO	Zipi e Zape	9
venres 2	21.00	Foz / Sala Bahía	TEATRE ARCA	Asesinos anónimos	8
sábado 3	18.00	Vigo / Centro Cultural Caixanova	BERROBAMBÁN TEATRO	Boas noites	10
sábado 3	20.00	Narón / Auditorio Municipal	AVANCE PRODUCCIONES TEATRALES S.L.	Afterplay	5
sábado 3	20.00	Ourense / Teatro Principal	TEATRO DO ATLÁNTICO	A bombilla máxima	4





Data	Hora	Concello/Espazo	Compañía	Espectáculo	Páx. ficha
Novembro					
sábado 3	20.30	Ourense / Auditorio Municipal	HOJARASCA DANZA	<i>Desea</i>	34
sábado 3	20.30	Oleiros / Auditorio Gabriel García Márquez	BACANA	<i>Hendaya mon amour</i>	8
sábado 3	22.30	Gondomar / Auditorio Municipal Lois Tobío	SKENÉ TEATRO	<i>A asemblea das mulleres</i>	5
domingo 4	17.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	KARLIK DANZA - PROD. JAVIER LEONI	<i>Niña Frida</i>	34
domingo 4	18.00	Vigo / Centro Cultural Caixanova	BERROBAMBÁN TEATRO	<i>Boas noites</i>	10
domingo 4	19.00	Cambados / Auditorio Municipal A Xuventude	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	6
domingo 4	19.30	San Sadurniño / Centro Sociocultural	TEATRO DO NOROESTE	<i>Romeo e Xulieta</i>	9
domingo 4	20.00	Ourense / Teatro Principal	TEATRO DO ATLÁNTICO	<i>A bombilla máxica</i>	4
martes 6	20.30	Ferrol / Teatro Jofre	SARABELA TEATRO	<i>Margar no pazo do tempo</i>	8
xoves 8	11.30	Boiro / Casa da Cultura Ramón Martínez López	LA IMAGINA MACHINA	<i>A viaxe de Efi</i>	10
xoves 8	20.30	A Coruña / Teatro Rosalía	AVANCE PRODUCCIONES TEATRALES S.L.	<i>Afterplay</i>	5
venres 9	11.30	Boiro / Casa da Cultura Ramón Martínez López	OS COLOMBAÍÑOS	<i>Os Colombaíños</i>	13
venres 9	18.00	Sada / Casa da Cultura Pintor Lloréns	MARKELIÑE	<i>Cigarra y hormiga</i>	10
venres 9	20.30	Arteixo / Centro Cívico Cultural	TEATRO DO ATLÁNTICO	<i>A bombilla máxica</i>	4
venres 9	20.00	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	TÍTERES TROMPICALLO	<i>Bolboreta</i>	10
venres 9	20.30	Tui / Teatro Municipal Área Panorámica	LA CANICA	<i>El elefantito</i>	
venres 9	21.00	Ames / Casa da Cultura do Milladoiro	TALÍA TEATRO	<i>Quero ser grande</i>	9
venres 9	21.00	As Pontes de García Rodríguez / Cine Alovi	TEATRO DO MORCEGO	<i>O burgués fidalgo</i>	9
venres 9	21.30	Burela / Casa da Cultura	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	6
venres 9	22.00	Noia / Teatro Coliseo Noela	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>O faro</i>	9
sábado 10	18.00	Vigo / Auditorio Municipal	LA CANICA	<i>El elefantito</i>	10
sábado 10	20.30	Viveiro / Teatro Pastor Díaz	TEATRO DO ATLÁNTICO	<i>A bombilla máxica</i>	4
sábado 10	20.30	Ourense / Auditorio Municipal	CÍA. GALEGA DE DANZA CONTEMPORÁNEA - BALLET JESÚS QUIROGA	<i>A luz?</i>	34
sábado 10	20.30	Cangas / Auditorio Municipal	SARABELA TEATRO	<i>Margar no pazo do tempo</i>	8
sábado 10	22.30	Gondomar / Auditorio Municipal Lois Tobío	NUT TEATRO	<i>Corpos disidentes</i>	8
domingo 11	17.00	Ames / Casa da Cultura de Bertamiráns	COMPAÑÍA DO TRINKE TRINKE	<i>Os sonhos na gaiola</i>	13
domingo 11	19.00	A Coruña / Teatro Rosalía	PISANDO OVOS	<i>30.000</i>	34
domingo 11	19.00	Cambados / Auditorio Municipal A Xuventude	SKENÉ TEATRO	<i>A asemblea das mulleres</i>	5
domingo 11	20.00	Ourense / Teatro Principal	AVANCE PRODUCCIONES TEATRALES S.L.	<i>Afterplay</i>	5
domingo 11	20.30	Vigo / Centro Cultural Caixanova	TEATRO DO ATLÁNTICO	<i>A bombilla máxica</i>	4
domingo 11	20.30	Betanzos / Aula Municipal de Cultura	TEATRO DE ADRO	<i>Zipi e Zape</i>	9
martes 13	11.00	Ferrol / Teatro Jofre	MARKELIÑE	<i>Cigarra y hormiga</i>	10
martes 13	20.30	Ferrol / Teatro Jofre	MARKELIÑE	<i>Cigarra y hormiga</i>	10
mércores 14	20.00	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	ORQUESTRA DE CÁMARA SOLISTAS DE GALICIA	<i>Música clásica galega</i>	42
mércores 14	20.30	Pontevedra / Teatro Principal	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	6
xoves 15	11.30	Pontevedra / Teatro Principal	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	6
xoves 15	20.15	Monforte de Lemos / Edificio Multiúsos	TEATRO DO ATLÁNTICO	<i>A bombilla máxica</i>	4
xoves 15	20.00	Viveiro / Teatro Pastor Díaz	INTERMISSION DÚO DE PERCUSIÓN	<i>En-trance</i>	42
xoves 15	20.30	Ferrol / Teatro Jofre	CARLOS BORSANI Y EL GAD	<i>Los desastres del dinero</i>	4
venres 16	21.00	As Pontes de García Rodríguez / Cine Alovi	ANCORA PRODUCCIÓN	<i>Final de película</i>	8
venres 16	21.00	Foz / Sala Bahía	FULANO, MENGANO E CITANO	<i>O faro</i>	9
venres 16	22.30	O Carballiño / Auditorio Municipal	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	6
venres 16	22.00	Noia / Teatro Coliseo Noela	TEATRO DE NINGURES	<i>Misericordia</i>	9
venres 16	22.00	Muros / Centro Cultural e Xuvenil	TEATRO DO ATLÁNTICO	<i>A bombilla máxica</i>	4
sábado 17	18.30	Muros / Centro Cultural e Xuvenil	LA IMAGINA MACHINA	<i>A viaxe de Efi</i>	10
sábado 17	20.30	A Coruña / Teatro Rosalía	ANCORA PRODUCCIÓN	<i>Medidas preventivas</i>	9
sábado 17	21.00	Ribadavia / Auditorio da Casa da Cultura	VOCALISE	<i>A volta ao mundo en 747 compases</i>	42
domingo 18	19.00	A Coruña / Teatro Rosalía	ANCORA PRODUCCIÓN	<i>Medidas preventivas</i>	9


Data	Hora	Concello/Espazo	Compañía	Espectáculo	Páx. ficha
Novembro					
domingo 18	19.00	Cambados / Auditorio Municipal A Xuventude	FULANO, MENGANO E CITANO	O faro	9
domingo 18	20.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	LAGARTA LAGARTA	As últimas lúas	6
domingo 18	20.30	Lugo / Auditorio Municipal Gustavo Freire	TEATRO DE NINGURES	Misericordia	9
domingo 18	20.00	Sada / Casa da Cultura Pintor Lloréns	TEATRO GALILEO	Rosso profundo in punto di morte	4
domingo 18	20.30	Vigo / Centro Cultural Caixanova	TEATRO DE ADRO	Zipi e Zape	9
martes 20	20.30	Ferrol / Teatro Jofre	TEATRO DO MORCEGO	O burgués fidalgo	9
mércores 21	20.30	Pontevedra / Teatro Principal	TEATRO DO MORCEGO	O burgués fidalgo	9
venres 23	18.00	As Pontes de García Rodríguez / Cine Alovi	LA IMAGINA MACHINA	A viaxe de Efi	10
venres 23	20.30	Ferrol / Teatro Jofre	ANCORA PRODUCCIÓNS	Medidas preventivas	9
venres 23	20.30	Culleredo / Edificio de Servizos Múltiples	TALÍA TEATRO	Quero ser grande	9
venres 23	21.00	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	TEATRO DO MORCEGO	O burgués fidalgo	9
venres 23	21.30	Lalín / Novo Salón Teatro	TEATRO DE NINGURES	Emigrados	8
venres 23	21.30	Tui / Teatro Municipal Área Panorámica	TEATRO DO ATLÁNTICO	A bombilla máxica	4
venres 23	22.30	O Carballiño / Auditorio Municipal	MOFA E BEFA	Sempre ao lonxe	9
sábado 24	18.00	Vigo / Auditorio Municipal	TÍTERES CACHIRULO	Do, re, mi, Mozart xoga aquí	10
sábado 24	20.30	A Coruña / Teatro Rosalía	COMPAÑÍA MARTA CARRASCO	J' arrive	34
sábado 24	20.00	Narón / Auditorio Municipal	TRASPASOS	Demasiado humano (Los últimos días de Nietzsche)	8
sábado 24	21.30	Sanxenxo / Pazo Emilia Pardo Bazán	CARLOS BORSANI Y EL GAD	Los desastres del dinero	4
sábado 24	22.30	Gondomar / Auditorio Municipal Lois Tobío	TEATRO DE NINGURES	Emigrados	8
sábado 24	20.30	Ribadavia / Auditorio da Casa da Cultura	TALÍA TEATRO	Quero ser grande	9
domingo 25	20.00	Ourense / Teatro Principal	TRASPASOS	Demasiado humano (Los últimos días de Nietzsche)	8
martes 27	20.30	Ferrol / Teatro Jofre	TEATRO DEL ANDAMIO	Yepeto	9
xoves 29	20.30	Pontevedra / Teatro Principal	TEATRO DE ADRO	Zipi e Zape	9
venres 30	11.30	Pontevedra / Teatro Principal	TEATRO DE ADRO	Zipi e Zape	9
venres 30	18.00	As Pontes de García Rodríguez / Cine Alovi	TALÍA TEATRO	O merlo branco	12
venres 30	20.30	Arteixo / Centro Cívico Cultural	CARAMUXO TEATRO S. C.	Lazarillo	10
venres 30	20.30	Oleiros / Auditorio Gabriel García Márquez	TEATRO DO MORCEGO	O burgués fidalgo	9
venres 30	21.00	Boiro / Casa da Cultura Ramón Martínez López	TEATRO DE ADRO	Zipi e Zape	9
venres 30	21.00	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	TEATRO MERIDIONAL	Cyrano	8
venres 30	21.00	Ames / Casa da Cultura de Bertamiráns	CARLOS BORSANI Y EL GAD	Los desastres del dinero	4
venres 30	22.30	O Carballiño / Auditorio Municipal	TEATRO DO ATLÁNTICO	A bombilla máxica	4
Decembro					
sábado 1	18.00	Vigo / Auditorio Municipal	SAPRISTI	O son das cousas	12
sábado 1	20.30	A Coruña / Teatro Rosalía	TEATRO DO ATLÁNTICO	A bombilla máxica	4
sábado 1	20.00	Narón / Auditorio Municipal	COMPAÑÍA MARTA CARRASCO	J' arrive	34
sábado 1	20.30	Ourense / Auditorio Municipal	CÍA MAR GÓMEZ	Dios menguante	
sábado 1	20.30	Vilalba / Auditorio Carmen Estévez Eguíagaray	CARLOS BORSANI Y EL GAD	Los desastres del dinero	4
sábado 1	20.30	Cangas / Auditorio Municipal	MOFA E BEFA	Sempre ao lonxe	9
sábado 1	21.30	Sanxenxo / Pazo Emilia Pardo Bazán	MÁSCARA PRODUCCIÓNS	Asalto de cama	6
domingo 2	20.30	A Coruña / Teatro Rosalía	TEATRO DO ATLÁNTICO	A bombilla máxica	4
domingo 2	20.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	TEATRO DE NINGURES	Misericordia	9
domingo 2	20.30	Betanzos / Aula Municipal de Cultura	FULANO, MENGANO E CITANO	Arte	5
martes 4	20.30	Ferrol / Teatro Jofre	SAPRISTI	O son das cousas	12
xoves 6	17.30	A Coruña / Forum Metropolitano	TÍTERES TROMPICALLO	Bolboreta	10
venres 7	18.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	VIRAVOLTA TÍTERES	Historia dun soldado	10
venres 7	18.00	Sada / Casa da Cultura Pintor Lloréns	SAPRISTI	Unha merenda de Alicia	18
venres 7	20.30	Ortigueira / Teatro da Beneficencia	INTERMISSION DÚO DE PERCUSIÓN	En-trance	42
venres 7	20.30	Narón / Auditorio Municipal	CÍA. GALEGA DE DANZA CONTEMPORÁNEA - BALLET JESÚS QUIROGA	A luz?	34






Data	Hora	Concello/Espazo	Compañía	Espectáculo	Páx. ficha
Decembro					
venres 7	21.00	Foz / Sala Bahía	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	6
sábado 8	17.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	TÍTERES TROMPICALLO	<i>Bolboreta</i>	10
sábado 8	19.00	Foz / Sala Bahía	CARAMUXO TEATRO S. C.	<i>Lazarillo</i>	10
sábado 8	20.00	Narón / Auditorio Municipal	PISANDO OVOS	<i>N8 OHX</i>	34
sábado 8	20.30	Viveiro / Teatro Pastor Díaz	TEATRO DE ADRO	<i>Zípi e Zape</i>	9
sábado 8	20.30	Ortigueira / Teatro da Beneficencia	MÁSCARA PRODUCCIÓNS	<i>Asalto de cama</i>	6
domingo 9	18.00	Cedeira / Auditorio Municipal	TÍTERES CACHIRULO	<i>Do, re, mi, Mozart xoga aquí</i>	10
luns 10	10.00	Santiago de Compostela / Teatro Principal	BERROBAMBÁN TEATRO	<i>Boas noites</i>	10
martes 11	10.00	Santiago de Compostela / Teatro Principal	BERROBAMBÁN TEATRO	<i>Boas noites</i>	10
mércores 12	21.00	Santiago de Compostela / Teatro Principal	NOVE DOUS	<i>Fóra de xogo</i>	8
xoves 13	20.15	Monforte de Lemos / Edificio Multiúsos	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	6
xoves 13	20.30	Ferrol / Teatro Jofre	TEATRO DO ATLÁNTICO	<i>A bombilla máxica</i>	4
xoves 13	20.30	Pontevedra / Teatro Principal	CARLOS BORSANI Y EL GAD	<i>Los desastres del dinero</i>	4
xoves 13	21.00	Santiago de Compostela / Teatro Principal	NOVE DOUS	<i>Fóra de xogo</i>	8
venres 14	11.30	Pontevedra / Teatro Principal	CARLOS BORSANI Y EL GAD	<i>Los desastres del dinero</i>	4
venres 14	20.00	Ponteareas / Auditorio Municipal Reveriano Soutullo	NOVE DOUS	<i>Fóra de xogo</i>	8
venres 14	20.30	Tui / Teatro Municipal Área Panorámica	GALITOON	<i>Golulá</i>	10
venres 14	20.30	Culleredo / Edificio de Servizos Múltiples	TEATRO DO ATLÁNTICO	<i>A bombilla máxica</i>	4
venres 14	21.00	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	ANCORA PRODUCCIÓNS	<i>Final de película</i>	8
venres 14	21.00	Ames / Casa da Cultura do Milladoiro	NUT TEATRO	<i>Corpos disidentes</i>	8
venres 14	21.30	Lalín / Novo Salón Teatro	TALÍA TEATRO	<i>Quero ser grande</i>	9
venres 14	22.30	O Carballiño / Auditorio Municipal	SARABELA TEATRO	<i>Margar no pazo do tempo</i>	8
venres 14	22.00	Noia / Teatro Coliseo Noela	LAGARTA LAGARTA	<i>As últimas lúas</i>	6
sábado 15	18.00	Vigo / Auditorio Municipal	TANXARINA TÍTERES	<i>Sombreiro sen chapeu</i>	18
sábado 15	19.00	A Coruña / Forum Metropolitano	OS QUINQUILLÁNS	<i>O mago de Oz</i>	12
sábado 15	19.00	Foz / Sala Bahía	SARABELA TEATRO	<i>Cristovo e as marabillas</i>	10
sábado 15	20.30	Ribadavia / Auditorio da Casa da Cultura	MOFA E BEFA	<i>Sempre ao lonxe</i>	9
sábado 15	20.00	Narón / Auditorio Municipal	BSTUDIO	<i>De meu</i>	34
sábado 15	20.00	Ourense / Teatro Principal	ANCORA PRODUCCIÓNS	<i>Final de película</i>	8
sábado 15	20.30	Cangas / Auditorio Municipal	NOVE DOUS	<i>Fóra de xogo</i>	8
sábado 15	20.30	Viveiro / Teatro Pastor Díaz	CODETTA, ORQUESTRA DE CÁMARA	<i>Pequena serenata nocturna</i>	42
sábado 15	20.30	Ourense / Auditorio Municipal	MARCO GONZÁLEZ TANGO ARGENTINO	<i>Cuentos del Sur</i>	34
sábado 15	20.30	Vilalba / Auditorio Carmen Estévez Eguiagaray	TEATRO DO NOROESTE	<i>Romeo e Xulieta</i>	9
domingo 16	17.30	A Coruña / Forum Metropolitano	OS QUINQUILLÁNS	<i>O mago de Oz</i>	12
domingo 16	17.00	Ames / Casa da Cultura do Milladoiro	SARABELA TEATRO	<i>Cristovo e as marabillas</i>	10
domingo 16	18.00	Cedeira / Auditorio Municipal	TÍTERES FALCATRÚA	<i>O espirro de Gaia</i>	10
domingo 16	19.30	San Sadurniño / Centro Sociocultural	TEATRO DEL ANDAMIO	<i>Yepeto</i>	9
domingo 16	20.00	Sada / Casa da Cultura Pintor Lloréns	MÁSCARA PRODUCCIÓNS	<i>Asalto de cama</i>	6
domingo 16	20.00	Ourense / Teatro Principal	ANCORA PRODUCCIÓNS	<i>Final de película</i>	8
domingo 16	20.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	ALBIONS TEATRO	<i>Fridon Spik</i>	8
domingo 16	20.30	Vigo / Centro Cultural Caixanova	TEATRO DO NOROESTE	<i>Romeo e Xulieta</i>	9
domingo 16	21.00	Carballo / Pazo da Cultura	ESPELLO CÓNCARO	<i>Zardigot</i>	9
mércores 19	18.30	Lugo / Auditorio Municipal Gustavo Freire	SAPRISTI	<i>O son das cousas</i>	12
xoves 20	10.30	Betanzos / Aula Municipal de Cultura	TÍTERES CACHIRULO	<i>Do, re, mi, Mozart xoga aquí</i>	10
xoves 20	12.00	Betanzos / Aula Municipal de Cultura	TÍTERES CACHIRULO	<i>Do, re, mi, Mozart xoga aquí</i>	10
xoves 20	18.00	Gondomar / Auditorio Municipal Lois Tobío	TÍTERES TROMPICALLO	<i>Bolboreta</i>	10
xoves 20	20.30	Lugo / Auditorio Municipal Gustavo Freire	ANCORA PRODUCCIÓNS	<i>Final de película</i>	8
venres 21	18.30	Lugo / Auditorio Municipal Gustavo Freire	BERROBAMBÁN TEATRO	<i>Boas noites</i>	10
venres 21	18.30	Noia / Teatro Coliseo Noela	OS QUINQUILLÁNS	<i>O mago de Oz</i>	12

Data	Hora	Concello/Espazo	Compañía	Espectáculo	Páx. ficha
Decembro					
venres 21	21.00	Boiro / Casa da Cultura Ramón Martínez López	LAGARTA LAGARTA	As últimas lúas	6
venres 21	21.30	Tui / Teatro Municipal Área Panorámica	MOFA E BEFA	Sempre ao lonxe	9
venres 21	22.30	O Carballiño / Auditorio Municipal	TALÍA TEATRO	Quero ser grande	9
venres 21	22.00	Muros / Centro Cultural e Xuvenil	TEATRO DE ADRO	Zipi e Zape	9
sábado 22	18.00	Gondomar / Auditorio Municipal Lois Tobío	TÍTERES FALCATRÚA	O espirro de Gaia	10
sábado 22	18.30	Muros / Centro Cultural e Xuvenil	VIRAVOLTA TÍTERES	Historia dun soldado	10
sábado 22	18.30	Noia / Teatro Coliseo Noela	TÍTERES TROMPICALLO	Bolboreta	10
sábado 22	20.30	Vilalba / Auditorio Carmen Estévez Eguiagaray	NOVE DOUS	Fóra de xogo	8
domingo 23	17.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	SARABELA TEATRO	Cristovo e as marabillas	10
domingo 23	18.00	Cedeira / Auditorio Municipal	SAPRISTI	Unha merenda de Alicia	18
domingo 23	20.00	Betanzos / Aula Municipal de Cultura	TÍTERES CACHIRULO	Do, re, mi, Mozart xoga aquí	10
luns 24	18.00	Gondomar / Auditorio Municipal Lois Tobío	TÍTERES CACHIRULO	Do, re, mi, Mozart xoga aquí	10
mércores 26	17.00	Ames / Casa da Cultura do Milladoiro	TÍTERES TROMPICALLO	Bolboreta	10
mércores 26	18.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	TÍTERES FALCATRÚA	O espirro de Gaia	10
mércores 26	18.30	Lugo / Auditorio Municipal Gustavo Freire	MIGALLAS TEATRO	Un avó especial	18
mércores 26	18.30	Cee / Salón de Actos do Concello	TALÍA TEATRO	O merlo branco	12
mércores 26	18.30	Carballo / Pazo da Cultura	GALITON	Golulá	10
mércores 26	18.00	Cangas / Auditorio Municipal	TANXARINA TÍTERES	Sombreiro sen chapeu	18
mércores 26	18.00	Gondomar / Auditorio Municipal Lois Tobío	ARELA DAS ARTES	Arela Miúda en: O recuncho de Anabel	10
mércores 26	18.00	Vigo / Centro Cultural Caixanova	SARABELA TEATRO	Cristovo e as marabillas	10
mércores 26	20.30	Ortigueira / Teatro da Beneficencia	GRUPO DE MÚSICA ANTIGA 1500	O Nadal na música antiga	42
xoves 27	17.00	Ourense / Teatro Principal	BERROBAMBÁN TEATRO	Boas noites	10
xoves 27	18.30	Cee / Salón de Actos do Concello	CARAMUXO TEATRO S. C.	Lazarillo	10
xoves 27	18.00	Cangas / Auditorio Municipal	TALÍA TEATRO	O merlo branco	12
xoves 27	18.00	Gondomar / Auditorio Municipal Lois Tobío	TANXARINA TÍTERES	Sombreiro sen chapeu	18
xoves 27	18.30	Ames / Casa da Cultura de Bertamiráns	GALITON	Golulá	10
xoves 27	20.30	Lugo / Auditorio Municipal Gustavo Freire	LAGARTA LAGARTA	As últimas lúas	6
venres 28	17.00	Ourense / Teatro Principal	TÍTERES TROMPICALLO	Bolboreta	10
venres 28	18.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	SAPRISTI	Unha merenda de Alicia	18
venres 28	18.30	Lugo / Auditorio Municipal Gustavo Freire	ARELA DAS ARTES	Arela Miúda en: O recuncho de Anabel	10
venres 28	18.30	Carballo / Pazo da Cultura	KARLIK DANZA - PROD. JAVIER LEONI	Niña Frida	34
venres 28	18.00	Gondomar / Auditorio Municipal Lois Tobío	MIGALLAS TEATRO	Un avó especial	18
venres 28	18.00	Cangas / Auditorio Municipal	MARKELIÑE	Cigarra y hormiga	10
venres 28	18.00	As Pontes de García Rodríguez / Cine Alovi	LA CANICA	El elefantito	10
venres 28	18.30	Noia / Teatro Coliseo Noela	LA IMAGINA MACHINA	A viaxe de Efi	10
venres 28	19.00	A Coruña / Forum Metropolitano	VIRAVOLTA TÍTERES	Paxaro de lume	9
venres 28	20.00	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	TALÍA TEATRO	O merlo branco	12
venres 28	21.00	Ames / Casa da Cultura de Bertamiráns	TEATRO DE ADRO	Zipi e Zape	9
sábado 29	17.00	Ourense / Teatro Principal	LA CANICA	El elefantito	10
sábado 29	18.00	Vilagarcía de Arousa / Auditorio Municipal	OS QUINQUILLÁNS	O mago de Oz	12
sábado 29	18.30	Cee / Salón de Actos do Concello	SARABELA TEATRO	Cristovo e as marabillas	10
sábado 29	18.30	Noia / Teatro Coliseo Noela	TALÍA TEATRO	O merlo branco	12
sábado 29	18.30	Ourense / Teatro Principal	LA CANICA	El elefantito	10
sábado 29	19.00	A Coruña / Forum Metropolitano	TÍTERES CACHIRULO	Do, re, mi, Mozart xoga aquí	10
sábado 29	19.00	Foz / Sala Bahía	OS COLOMBAÍÑOS	Os Colombaíños	13
sábado 29	20.00	O Barco / Teatro Municipal Lauro Olmo	OS MONICREQUES DE KUKAS	Sen título 4X8X6 (técnica mixta sobre o escenario)	13
domingo 30	16.30	Ribadeo / Auditorio Municipal Hernán Naval	CARAMUXO TEATRO S. C.	Lazarillo	10
domingo 30	18.00	Cedeira / Auditorio Municipal	OS COLOMBAÍÑOS	Os Colombaíños	13
domingo 30	19.00	Noia / Teatro Coliseo Noela	SARABELA TEATRO	Cristovo e as marabillas	10





NOVA GALEGA DE DANZA VÉN DE PRESENTAR POR UNHA MOREA DE ESCENARIOS GALEGOS E DE FÓRA DE GALICIA O SEU ÚLTIMO ESPECTÁCULO, *ENGADO*. O SEUS INTEGRANTES AVOGAN POLA FUSIÓN DE ESTILOS E VISTEN DE MODERNIDADE A DANZA MÁIS TRADICIONAL. PROPUXÉRONSE AMOSARNOS O ESPÍRITO MÁIS CONTEMPORÁNEO DO NOSO FOLCLORE, E FUNCIONA. É A SÚA SEGUNDA CREACIÓN, PERO OS SEUS ARTÍFICES SON XA REFERENCIA OBRIGADA NO NOVO PALPITAR DA DANZA GALEGA ACTUAL, TANTO POLO SEU PARTICULAR ESTILO INTERPRETATIVO COMO POLAS COIDADAS POSTAS EN ESCENA QUE TANTO OFRECEN AO PÚBLICO.

“Despois de anos traballando como bailaríns ás ordes doutros coreógrafos, chega o momento en que un decide que ten que facer as cousas como as sente e expresar como un vive a danza. Así comezamos dándolle forma a unha idea...”, e naceu Nova Galega de Danza. Son palabras de Vicente Colomer, un dos promotores desta nova compañía profesional de danza, xunto con Jaime Pablo Díaz, ambos os dous bailaríns cunha consolidada formación na danza clásica e na tradicional.

Nova Galega de Danza é resultado das inquedanzas por innovar desta parella de artistas que alá polo 1998 deciden xuntar proxectos e sumar estilos para lle dar forma ao que actualmente é esta agrupación, que vén sendo mostra do seu xeito de entender o baile galego.

“NON SE TRATA DE MODERNIZAR O TRADICIONAL PORQUE, DE FEITO, A DANZA CONTEMPORÁNEA BEBE DA RAÍZ”

Apostaron polo que hoxe en día está en voga en calquera expresión artística, a fusión de estilos, para facer un oco que lle dea cabida ao tradicional no contemporáneo e que, de atopar o axuste perfecto, pode converterse nun seguro de vida para a súa danza. Escollen como base a sólida tradición do baile e a música popular galega, que fusionan cos estilos máis contemporáneos.

“Tentar facer unha achega á danza galega é algo un pouco pretensioso”, dinos Vicente. “O que nos faltaba dentro do mundo da danza era esa evolución cara a diante dunha danza contemporánea galega. En Galicia dende hai tempo hai creadores, uns grupos que están a facer cousas moi interesantes; hai unha semente que se leva coidando dende hai tempo e iso está empezando a dar os seus froitos. Pero no que a nós, como compañía, nos tocaba máis de

preto era onde viamos que faltaba unha evolución e un proceso máis creativo”, matiza.

Refírese Vicente ao perfil máis popular, máis decimonónico, que se coñece do folclore en Galicia, onde, porén, considera que hai suficientes argumentos para crear un estilo novo de danza galega, con carácter universal e contemporáneo.

“Non se trata de modernizar o tradicional porque, de feito, a danza contemporánea bebe da raíz”, explica o bailarín. “Nós non estamos inventando nada, senón que cremos que na danza tradicional hai unha variedade de pasos, de ritmos, uns movementos e unha estética increíble e viamos que todo ese patrimonio estaba estancado”, di.

Darlles un carácter contemporáneo a todos eses recursos máis enxebres do baile tradicio-



A FUSIÓN FAI A FORZA

NOVA GALEGA DE DANZA

nal froito dun traballo de recollida que moitas agrupacións de baile do noso país se encargan de facer era a “materia pendente” que a eles como compañía profesional lles tocaba explorar.

“Hai cousas que nós facemos nos espectáculos que á xente lle soan como o máis moderno e innovador e resulta que aí está o máis tradicional”, comenta.

Un total de seis bailaríns, tres mozas e tres mozos, entre eles Vicente e Jaime Pablo, e cinco músicos en directo (gaita, saxo, guitarra eléctrica, violín e acordeón), xunto a unha voz que, ás veces, acompaña as melodías, compoñen Nova Galega de Danza.

As súas coreografías corren da man de Vicente Colomer e Jaime Pablo Díaz, e do outro cincuenta por cento da compañía, da música, en-

cárganse os compositores Xosé Lois Romero e Pedro Lamas.

A partir da súa música, tamén de fondo sabor tradicional, cobran forma os pasos que esta parella de bailaríns deseñan para levar á escena.

Alento, o seu primeiro espectáculo, que presentaron en 2003, naceu así, e o mesmo *Engado*, a súa segunda montaxe, que xa amosaron polos escenarios de Galicia, un espectáculo con moita forza e unha coidada posta en escena.

“Nós como bailaríns, como músicos, somos creadores de ilusións, ilusionistas e precisamos vivir ilusionados. En *Engado* o que queremos dicir é que podemos converter as ilusións e estas poden formar parte da nosa vida”, cóntanos.

**“HAI COUSAS QUE
NÓS FACEMOS NOS
ESPECTÁCULOS QUE Á
XENTE LLE SOAN COMO
O MÁIS MODERNO E
INNOVADOR E RESULTA
QUE AÍ ESTÁ O
TRADICIONAL”**

Despois, que a xente na butaca se contaxie dese ímpeto por bailar.

Nova Galega de Danza é unha compañía “coas portas abertas” a quen queira compartir esta forma de sentir a danza galega que, a través de talleres de formación nos que participa, prosegue á procura de recursos estilísticos que achegar ao seu baile.

“Non tratamos de provocar que unha coreografía sexa máis ou menos tradicional ou contemporánea, senón traballar con naturalidade, sen ataduras, sen ningún tipo de compromiso coa tradición nin coa modernidade”, confesa Vicente Colomer. Queren crear como senten.



entre o ensaio...

PISANDO OVOS

30.000

A conta atrás cara á estrea

David Loira e Rut Balbís, ou o que é o mesmo, Pisando Ovos, son parella de baile dende hai apenas tres anos, cando ambos fundaron esta compañía de danza contemporánea coa que son xa un nome indispensable nos carteis dos principais festivais dedicados a esta disciplina que se celebran en Galicia e no resto de España, onde o ano pasado foron a compañía seleccionada en primeiro lugar para a Rede de Teatros Alternativos que funciona a escala estatal.

Sobre o escenario as súas coreografías debuxan ritmos áxiles, visuais, movementos firmes e creativos, e a súa progresión como compañía artística abofé que semella marchar ao mesmo compás. Os espectadores da Rede Ga-

lega de Teatros e Auditorios poderano comprobar no periplo que a compañía fará por distintos espazos entre os meses de setembro e decembro.

Polo menos así o demostra o éxito da súa última montaxe, *30.000*, coprodución co Centro Coreográfico Galego que eles mesmos consideran un punto de inflexión na súa carreira por ser unha aposta “diferente” e, dalgún xeito “rompedora” coas súas anteriores producións, froito de longas horas de traballo e estudo e coa que queren “chegar á crítica” porque, din, a súa profesión permítelles tamén falar, e se en anteriores traballos xogaban a insinuar, esta montaxe é “máis directa, máis impactante”, sinalan.

Logo de meses de investigación e formación para afondar máis no seu propio estilo e linguaxe, e baixo a dirección artística do coreógrafo vasco Damián Muñoz, David Loira e Rut Balbís propóñennos unha peza de danza inspirada na reflexión que a eles lles tocou facer despois de acadar a axuda económica coa que sacar adiante o seu proxecto: *E ti que farías con 30.000*? Unha proposición á que tamén responden: “Intentamos que nos cambiara o menos posible”.

E así, en *30.000* pátrese dunha idea que parece tan sinxela como o propio nome da obra e que, porén, está repleta de imaxes, conceptos, sentimentos e actitudes tan dispares como as que só o diñeiro pode provocar en nós e que esta parella de bailaríns levan á escena.



Rolda de prensa

David e Rut presentan 30.000 aos medios de comunicación e fano dende o escenario, representando unha breve secuencia da montaxe que eles mesmos seleccionaron por ser unha das máis “significativas” da peza. Logo, tócalles atender as cuestións que, dende o patio de butacas, lles formulan preto dunha ducia de xornalistas que asisten a este informal acto de presentación.

Os técnicos en cabina

Dende as cabinas de control de luces e son toca poñer a punto unha parte fundamental do espectáculo como é vestir de luz e música o espazo escénico. A banda sonora escóllea Damián Muñoz, o director. Namentres, á fronte da iluminación atopámonos o que podería ser algo así como a terceira parte de Pisando Ovos, Alfonso Castro, iluminador habitual da compañía. O seu traballo coa luz pasa por buscar formas parecidas a un espectáculo de televisión moi grande, con referencias a todo o que podería ser o mundo da vaidade.

Proba de luces e son

No escenario, a base da iluminación descansa sobre varias columnas de focos situadas no fondo da escena e unha pantalla xiratoria, que concentra toda a luz cando a manexan os propios bailaríns de acordo coas indicacións de Damián Muñoz. Os focos de atrás axudan a crear flashes: a luz fai limpo e grande o mundo. En contraste, os xogos de luces debuxando unha rede, unha maraña, cores medio contaminadas... móstranos a parte máis escura do ser humano.



30.000
A conta atrás cara á estrea

Salón Teatro, Santiago

Paraíso estivo con eles nas horas previas á estrea do espectáculo para palpar da súa man a voráxine da conta atrás cara á estrea, un proceso intenso e frenético no que tanto os técnicos como os artistas han de traballar a esgalla e en harmonía. Só deste xeito quedará garantido que todo saia ben na presentación por vez primeira ante o público.



Entrega de vestiario

David e Rut escollen a roupa que lucirán no escenario. Na segunda parte da obra visten como o farían un día calquera, pero con moita cor. David dinos que elixiu unha camiseta estampada con paxaros de moitas cores que lle axudan a “voar” e a “estar en contacto” consigo mesmo. A sorpresa está ao comezo do espectáculo, cando os dous saen vestidos de abeloiros e tacón. “O medo que me daba era que me dixeran que estaba disfrazado de muller, pero traballei por dentro a idea de que eu seguía sendo un home, aínda que vestido de muller, non disfrazado”, matiza o bailarín.

Último ensaio

Faltan pouco máis de tres horas para a estrea. Bailaríns e iluminador atenden o director, que fai as últimas correccións técnicas da obra. É importante que sobre o escenario todo estea perfectamente coordinado. Os bailaríns semellan tranquilos porque, segundo recoñecen, “os nervios combátense con traballo” e levan moitos días de ensaio. Logo tocará saír a tomar o aire nalgunha terraza próxima antes de entrar a prepararse.

Antes de saír á escena

Cada un confesa ter as súas propias rutinas antes de saír á escena, como a de buscar un momento de soidade no camerino. Rut asegura que respira tranquilamente e pensa que é “como un ensaio máis” pero “máis bonito” porque llo amosa á xente que quere. Recoñece que goza moito enriba do escenario porque se aprecia, di, a complicidade do público. “No primeiro minuto sempre hai nervios, pero a partir do segundo minuto xa me meto no meu papel e adiantel”, afirma. “Enriba dun escenario transformaste no que realmente es ou queres ser”, engade David.

As sorpresas da obra

Estes cans de cerámica son outro dos segredos mellor gardados do espectáculo. O seu papel no escenario é case efémero, pero isto non resta valor ao seu caché. “Atopar un can así foi moi, moi difícil!”, dinos Rut. “Pensamos que en calquera bazar chinés os habería, pero non foi tan doado. Foi difícilísimo. Buscamos pola Coruña, polo Milladoiro, por Ourense, incluso Damián en Barcelona... ata que demos cun sitio en Santiago en que os venden”, comenta, e engade: “Para os ensaios usabamos xarróns, que son máis fáciles de atopar!”



...e a estrea

SÁBADO 2 DE XUÑO 20:30 H



Público mercando entradas

O espectáculo está a piques de comezar e fóra aínda son moitas as persoas que fan cola para mercar a súa entrada. Un dos presentes pregunta: E logo, por que hai tanta xente? É porque hoxe é a estrea?

SÁBADO 2 DE XUÑO 20:45 H



Durante a representación

A obra consegue chegar ao público e espertar emocións entre os presentes polo seu carácter visual, espontáneo, provocador, atrevido... Esta escena pon o seu punto final de forma tan rotunda e inesperada como sorprendente. Aquí remata tamén o papel do artista invitado, o can de cerámica.

SÁBADO 2 DE XUÑO 21:40 H



Aplauso

O aplauso do público é unánime. Foi pouco menos dunha hora gozando do traballo artístico desta parella de bailaríns que entre bicos e apertas celebran sobre o escenario as ovacións dos asistentes. Ruído, moito ruído, pero de festa. Todo, a ritmo de música discotequeira para animar aínda máis o aplauso do espectador e para que saia con bo corpo e un sorriso.

SÁBADO 2 DE XUÑO 22:00 H



Felicitación do director

Tras o escenario, prodúcese o encontro máis esperado, entre os bailaríns e o director da montaxe, Damián Muñoz. Entre broma e broma, respírase ledicia, satisfacción polo traballo ben feito...

Chegamos ao intre 00:00 da conta atrás cara ao éxito.





30.000
Pisando Ovos

Autores/Dirección: David Loira e Rut Balbís / Asistente de dirección: Damián Muñoz / Elenco: David Loira e Rut Balbís / Xénero: Danza contemporánea

Espectáculo coproducido polo IGAEM, a través do Centro Coreográfico Galego, e pola compañía Pisando Ovos. *30.000* convida a unha reflexión sobre o papel do diñeiro na sociedade actual e das relacións entre os cartos e as persoas.



A LUZ?
Compañía Galega de Danza
Contemporánea-Ballet Jesús Quiroga

Autor: Jesús Quiroga (inspirada no libro de poemas de Eva Veiga *A luz e as súas cicatrices*) / Dirección: Jesús Quiroga
Elenco: Ana Belén Ferreiro, Eva Faraldo, Iris Pintos, Sabela Adalid, Jesús Quiroga / Xénero: Danza contemporánea

O sangue, sempre presente nas evocacións de Eva Veiga, dende o subconsciente de onde aflora a poesía. As súas feridas son agora só cicatrices, tamén na alma. Asombra tanta paixón, tanta vitalidade, tanto amor. Un cántico permanente á vida e aos seus froitos inmediatamente en sazón despois da flor. Intensísima, extrema. Expándese pois nun sistema reticular de símbolos que resplandecen como unha constelación fulgurante.

Luz Pozo Garza. + info en: www.jesusquiroga.com



CADANSEU CHAPEU
Disque Danza

Autora: Olga Cameselle Estévez / Dirección: Olga Cameselle Estévez / Elenco: Olga Cameselle, Olivia Mate, Paula Cobián e Carmela Bueno / Xénero: Danza contemporánea

O intento de moverse realmente. O intento de ser e o que se é en esencia. Evolucionar xogando, proceso de autoenfrentamento. Danzando de truco en truco ata atopar o propio pulso. En definitiva, iniciar un camiño colectivo sen deixar de ser unha mesma.



CUANDO UNO QUIERE Y EL OTRO NO
Marco Vargas e Chloé Brûlé

Autores/ Dirección: Marco Vargas e Chloé Brûlé
Elenco: Marco Vargas, Chloé Brûlé-Dauphin e Juan José Amador / Xénero: Danza contemporánea

Amor e esquecemento en silencio. Encontro e desencontro, agravio e desagravio, paixón e rutina. O día a día de dous, coa súa carga de amor e desamor, que ás veces queren ser un e outras... Dous que viven a paixón do amor e o fel do desamor. Un silencio na voz do *cantaor*.

+info en: www.8co8o.com



CUENTOS DEL SUR
Marco González. Tango Argentino

Autor/Dirección: Marco González / Elenco: Marco González - Eleonora Rosaminter, Leonardo Mosquera - Carina Lucca, Valeria González - Fabian Carcano, Daniel Urquilla - Silvana Capra / Xénero: Danza

Viaxamos por toda a xeografía folclórica arxentina, mostrando as danzas de todos os recantos mediante unha exquisita selección de estampas lograda a través do estudo do modo de vida de cada rexión, da súa historia e da súa xente. As coreografías manteñen o espectador enganchado ao espectáculo porque se explota o carácter visual da danza. O vestiario representa fielmente a vida real en cada zona. Con todo o apoio da última tecnoloxía para combinar historia e espectáculo.

+ info en: www.marcogonzaleztangargentino.com



DESEA
Hojarasca Danza

Autora/Dirección: Alicia Soto / Elenco bailaríns: Natalia Jiménez, Ángel Zotes, Fran González e Alicia Soto
Repetidora: Henar Mintegui / Actriz: M.ª Blanca Herrera
Actor en vídeo: Alberto José Núñez / Xénero: Danza contemporánea

Desea é unha expedición ao interior de nós mesmos, á nosa esencia, ao mundo do desexo. Descubrir o desexo do home e a súa relación co outro. E como os elementos máis representativos da nosa sociedade, a imaxe, a publicidade, soporados polo gran medio de transmisión que é a televisión, repercuten e inflúen e marcan o comportamento e o *modus vivendi* do home.

+ info en: www.hojarasca-danza.com



DIOS MENGUANTE
Compañía Mar Gómez

Autora: Mar Gómez / Dirección: Mar Gómez, Xavi Martínez / Elenco: Mar Gómez, Xavi Martínez
Xénero: Danza contemporánea

O movemento, o xesto e o sentido do humor utilizados para narrar a historia dun home que fai un alto no seu camiño e a dunha muller á que nada detén. Dúas personalidades opostas e finalidades dispares que se poñen a proba mutuamente sen pretendelo e que encaixan as chiscadelas do destino como a vida lles ensinou, ou non lles soubo ensinar. A aventura de encontrarse o un ao outro levaraos por camiños impredecibles. E todo iso sen moverse dun único espazo árido, solitario, sucado polos fíos escorregantes dun enorme tendal.

+ info en: www.danzamargomez.com



EN LA CUENCA DE TUS OJOS
Inquedanza-Entre mans

Autores: Armando Martén, Beatriz Pérez, Kirenía Martínez e Alexis Fernández / Dirección: Armando Martén / Elenco: Armando Martén, Ana Beatriz Pérez, Kirenía Martínez e Alexis Fernández / Xénero: Danza contemporánea

Todos os pecados do amor sen detalles, detalles sen amor, arrepentirse de falar, de quedar sen tempo, de gardarse dun mesmo, de dar as costas demasiadas veces. Teño o son do seu corpo nos oídos. Que fermoso o sangue tirando cara á confianza, achegándose aromático, pesado e quedo como mazás nunha cunca.



INSULTOS PRIVADOS
Javier Martín

Autor: Javier Fernández Martín / Elenco: Javier Martín / Xénero: Danza contemporánea

Todo movemento é de carne... Pupilas vidrosas por cousas feitas por un tal tifón. Medusa, puta! Todo grazas a ti e todo debido a ti... Pon os pelos de punta... Di: saberás por min iso que buscas. Gota a gota, atopo a asfixia para un exquisito orgasmo (como un don Xoán en fuxida)... Creo en ti... O seu espello... vivo e vulnerable; co sangue virxe que queda sintetiza o seu cristal, necesítao pero por que llo dou? Un espello que se enfronta a outro espello... Escintileos sónicos. Un vampiro que loita con outro vampiro... Gústanse... Humidades con olor metálico... Como poden ocorrer estas cousas?



J'ARRIVE
Compañía Marta Carrasco

Autora: Marta Carrasco / Dirección: Marta Carrasco e Carmen Portaceli / Elenco: Marta Carrasco, Adrian Devant, Carme González, Xavi Sáez, Cristina Sirvent
Xénero: Danza contemporánea

Teñen alma as mulleres, os indios, os animais...? A pregunta, para min, sería: quen ten alma e quen non? Eu creo na alma. O corpo é, sen dúbida, unha expresión da alma, como a cara tamén o é. Vivín de cerca a dor, o riso, a tenrura, a xenerosidade, a desconfianza, a ironía, a acidez, a entrega, e unha creatividade inabarcable; con emoción. Navegar dentro da alma das persoas. Alma, corpo, corazón, rotura, vida, ollos tristes, tenrura, burla, loita, entrega, riso, soidade. En 10 anos? J'arrive?!

+ info en: www.ramonbarranco.com



N8 OHX
Pisando Ovos

Autores/Dirección: Rut Balbís e David Loira
Elenco: Rut Balbís e David Loira / Xénero: Danza contemporánea

Este noso mundo é avaro en emocións. Estaba tombado de costas e tiña o ceo sobre min. E bruscamente o ceo converteuse en algo onde un podía caer. Non era a forza da gravidade o que me mantiña apegado á terra, senón a miña vontade. Coas mans estendidas no chan, enterraba os dedos na herba branda mentres o ceo viraba cada vez máis profundo e azul, e as nubes máis lentas, ata quedar todo en suspenso nun minuto de terror absoluto e de fascinación. Eu ía caer no ceo infinitamente. Animal deste planeta, sen ás que me levasen.



NIÑA FRIDA
Karlik Danza - Prod. Javier Leoni

Autoras/Dirección: Rosa Díaz e Cristina D. Silveira
Elenco: Elena Sánchez, Elena Lucas, Beatriz Márquez e Cristina Pérez / Xénero: Danza/Outras

Frida Kahlo, adulta, recorda fronte ao seu lenzo en branco momentos da súa vida: a súa chegada ao mundo, a súa enfermidade, a paciencia coa que o seu pai lle ensinou a colorear fotografías, as amigas que non tivo, as decepcións de nena, a soidade na que creceu rodeada de xente, a súa amiga imaxinaria, o accidente con 18 anos... Pero ela queda coas súas inmensas ganas de vivir e de superarse cada día, deixando que a dor escape polos dedos da súa man para transformalo en beleza. “Pés para que vos quero se teño ás para voar”.

+ info en: www.karlikdanza.com

A casa-danza

Natalia Balseiro

Unha casa é un lugar onde un é esperado, na que recoñece cada canto e onde se sabe acolido. Festexamos a danza e celebramos a propia existencia da casa-danza que recolle o anxeio primeiro do ser humano dende as fonduras das cavernas: contar e compartir co outro a propia experiencia, participarlle o canto melancólico da fantasía e as escuras e fuxidías carreiras dos fantasmas-lobos que debullan os camiños da imaxinación.

Porque danzar é mergullarse no máis fondo do mar da nosa memoria de tribo, de seres arrastrados polo cabalo da historia, polas enchentes dos enigmas e dos misterios. Porque danzar é abrirse ao diálogo cos outros, é indagar nos baleiros da nosa alma e admitir os medos como bolboretas que se elevan sobre o cotián.

Porque como di Pilar Pallarés:

“o que sempre foxe (coma o baile que voa no vento) sempre permanece, e é auga adensada que retorna coas marés, remol que aínda garda máis lumes, fantasma a vagar polo castelo, edra aferrada ao tronco que nos alimenta”.

Danzar é tamén bater cego contra os muros do illamento porque a universalidade da danza aliméntase das mesmas raíces e medra sen negar a fonda comunicación dos temas e dos mitos que apreixan a alma dos seres humanos de todos os tempos. Danzar é tormenta e é tamén a calma, é un alento de vida verdadeira. Unha música sagrada sen partitura, mais detrás de cada nota axexa o silencio e esculca a morte xorda. Danzar é esconxurar o pasado e termar da dor da súa ausencia, é esconxurar o tempo para matalo. É sandar con movemento.

Porque nos alimentamos de néboa e de palabras mais tamén de imaxes, de sons, de expresións corporais e de movemento e porque a danza é quen de nos facer máis limpos e universais enchendo a nosa existencia dunha emoción fonda e antiga.

“Dánzannos” e somos explicados, existimos e xermolamos en cada xiro e constrúen para nós (espectadores-expectantes) un imaxinario que abre comportas á enxurrada do irreal, do marabilloso e mesmo do terríbel.

A danza que representa con imaxes realidades inventadas para servir de pasaporte para o mundo soñado, que represa as palabras nos límites do espazo con especial arte e traduce sentimentos e desesperanzas, medos e ritmos prefixados para conter a desmesura e convertela no son máis axeitado. Arte e movemento que nos acompañan tanto tempo coma as propias historias e que habitan nos recordos coa nitidez da súa forza.

Non hai vida vivida plena sen arte, e nós cremos que non hai vida autenticamente plena sen danza: A casa-danza ofrécenos a maxia da inapelábel orde que se esconde na creación, indaga en torno á existencia dunha dimensión perdida na realidade máis próxima. Metáforas visuais da realidade, unificadoras de certeza e confusión.

Como escribiu Octavio Paz “longa e sinuosa expedición cara a algúns dos nosos infinitos en busca sempre do outro infinito”. Desexo espiritual e consciente de busca, ás veces até a exasperación, de algo que está máis alá das aparencias formais. A danza convertida en ente xerador de preguntas e en punto de partida de moitas indagacións. Evocación prístina do entrevistado intre que non volverá. Remuíño ou espuma, espazo e luz, mel que liban as abellas e po, son ou neve, tempo fuxitivo e eterno, ás ou nubes. Mais tamén a danza na súa dimensión ética: o ser humano visto cara a dentro e no medio que habita. O ser humano perplexo e envolvido no asfixiante ambiente que o rodea. A danza que pregunta e que trata de ofrecer resposta. Imaxes fuxidías, ilusorias, imposíbeis ou imaxinadas, soños desconcertantes, retratos dolorosos e mesmo máscaras contemporáneas. O doce e o acedo: a danza é o resultado da feitura humana. Unha ollada afastada pero nunca distante na que a vida

“
A ollada do creador
coreógrafo ofrecida polos bailaríns nun acto de comunicación
co espectador que, lonxe de ser
un máis na súa butaca, hase
de converter en cómplice da
ollada, en activo receptor dunha
indagación artística que lle
é destinada pero que tamén
o quere participe na tensión
apaixonante da obra.

aparece para debullar na mente do espectador imaxes e reflexións, ecos e ideas que nos leven a buscar máis nunha vindeira experiencia.

A ollada do creador coreógrafo ofrecida polos bailaríns nun acto de comunicación co espectador que, lonxe de ser un máis na súa butaca, hase de converter en cómplice da ollada, en activo receptor dunha indagación artística que lle é destinada pero que tamén o quere participe na tensión apaixonante da obra.

“Existir é ante todo vontade de existir, de saír de”, dicía María Zambrano, e a danza esíxenos saír do noso “eu” espectador e convertérmonos en expectantes e cómplices co que está a suceder ante nós. Para apreixar, nun momento, a felicidade de entender, de imaxinar e de sentir.

Son moitos os cuartos que este PARAÍSO nos presenta da casa-danza e son cuartos que amosan variadas propostas estéticas e temáticas, pero cando, neste outono inverno, as follas dos castiñeiros comececen a facernos unha alfombra para agochar as castañas da nosa cobiza, a casa-danza terá abertas as portas para que nos gozamos do frío e alimentemos a nosa morriña de sol con magostos de espectáculos de danza que nos farán sentir a vida. Nada máis que a vida. Coma sempre.

A photograph of three men playing medieval instruments in a garden. The man on the left is smiling and holding a large triangular harp. The man in the middle is playing a long wooden flute. The man on the right is playing a lute. They are standing on a grassy lawn with trees and a stone building in the background.


FERNANDO OLBÉS
TENOR

ANDRÉS DÍAZ
FRAUTAS, CHIRIMÍAS
E BALDOA

JAVIER ABRALDES
LAÚDES E BALDOA

GRUPO DE MÚSICA ANTIGA MARTÍN

CONTRA O ANO 1993, MENTRES MILLEIROS DE PERSOAS REDESCUBRÍAN AS RUTAS DE PEREGRINACIÓN A COMPOSTELA QUE SERVIRAN COMO ELEMENTO DE UNIÓN ENTRE OS POBOS DE EUROPA DENTE A IDADE MEDIA, UN GRUPO DE MÚSICOS GALEGOS UNIDOS BAIXO O NOME DE MARTÍN CÓDAX EMPRENDEU A TAREFA DE ACHEGARNOS AS MELODÍAS DA LÍRICA MEDIEVAL CON RÉPLICAS DOS INSTRUMENTOS DESA ÉPOCA.





ROBERTO SANTAMARINA
FÍDULAS E CÍTOLA

PAULA CORUJO
E ANA SÁNCHEZ
SOPRANOS

PHILIPPE COPIN
ZANFONAS

CARLOS CASTRO
PERCUSIÓN

MIGUEL FARIÑA
FÍDULAS E ORGANISTRUM

CÓDAX

OS SONS MEDIEVAIS DE COMPOSTELA

Viagemos ata a Galicia da época que vai do século XII á primeira metade do XIV. Nesta próspera etapa de crecemento económico, grazas ao desenvolvemento agrario, á pesca e ao comercio, o Camiño de Santiago, daquela unha das principais rutas comerciais con Europa, convértese tamén na porta de entrada da cultura e da arte. É a chamada Era Compostelá, asociada ao bispo Xelmírez, ao románico, á prosa latina e aos cancioneros; é a época das cantigas, cando a lírica galego-portuguesa vive o seu momento de esplendor. Trobadores e xogres cántanlle en especial á muller tomando moitas veces como escenario a ría de Vigo. Meendinho, Johan de Cangas, Johan Airas e, por suposto, Martín Códax, son, entre outros, algúns dos autores da lírica profana, xunto co rei Afonso X o Sabio, que com-

puxo as *Cantigas de Santa María*, ou o Rei Dom Dinís de Portugal.

Parte deste legado que conservamos hoxe en día é o que compón o repertorio do Grupo de Música Antiga Martín Códax, que recolle tamén obras do Renacemento e que interpreta empregando reproducións de instrumentos similares aos da época construídos segundo diversas fontes iconográficas, como o Pórtico da Gloria, as miniaturas de Santa María e outros documentos, como cadros de pintura.

“Cada época ten a súa música e a súa maxia, e a maxia da Idade Media está na poesía, nunhas liñas melódicas fermosísimas”, explica un dos membros do grupo, Miguel Fariña. “A música que facemos é fundamentalmente dunha soa liña meló-

dica, entón aí está concretada unha esencia musical, sen dúbida, das mellores melodías de toda a historia da música”, di.

A música que ese grupo interpreta extraída dos códices antigos está escrita en notación medieval, polo que cómpre recorrer ás versións que existen escritas en notación moderna.

“A versión final que sae do grupo nunca é exacta a unha transcripción musicolóxica porque en moitos casos é moi importante contar coa propia voz, o xeito no que flúe, e hai que facer adaptacións”, explica.

O seu repertorio abarca toda a música medieval e renacentista da península Ibérica e, en ocasións, interpreta tamén cantigas da lírica provenzal francesa.

“Non hai documentación que diga que tipo de música utilizar en cada peza, pero o contido do texto e a liña melódica suxire a utilización duns instrumentos ou outros”, continúa Fariña.

A música medieval é poesía para ser cantada, de aí a importancia da voz. “Intentamos que a utilización de instrumentos nunca entorpeza a voz. Polo tanto, as nosas instrumentacións son sempre respectuosas co contido do texto, nunca facemos instrumentacións que rompan coa liña textual”, apunta.

Segundo Fariña, o resultado é unha sonoridade moi complexa de definir. Os instrumentos son de cordas de tripa con tensións moi baixas, polo que é difícil comparar, por exemplo, o son dun violín moderno co dunha fídula.

Esa delicada sonoridade instrumental está moi ligada ao espazo en que se interprete a peza, que normalmente coincide con igrexas románicas. A posta en escena é tamén un factor a ter en conta.

Como explica Miguel Fariña, “nun concerto é importante o aspecto visual, buscar lugares recollidos, como pequenas igrexas, castelos, claustros, para que non se perda a maxia da visión dos instrumentos por parte do espectador”.

Aínda que as conexións cara a toda Europa da lírica medieval fan moi extensa a súa escolla, o grupo decántase por explorar nas nosas raíces, sabedor da necesidade de comprender a liña argumental deste tipo de música, posto que, en moitos casos compoñen o seu repertorio a través de elementos comúns arredor dunha idea, como ocorre no seu último traballo *Que eu sei miut'amar*, que xira en torno ao amor cortés.





OS INSTRUMENTOS SEGUNDO OS MÚSICOS:

Fídulas: Son instrumentos de arco, as violas anteriores ao Renacemento. A fídula ou viola de arco medieval foi un dos elementos máis apreciados do conxunto de instrumentos dedicados á música culta. O grupo utiliza varios modelos reproducidos de diversas fontes iconográficas.

“A que máis sorprende —explica Miguel Fariña— é a fídula oval, que toca Roberto, que é unha réplica da do Pórtico da Gloria, e a fídula grande, que toco eu, copia da das Cantigas de Santa María. Tamén se lle chama fídula en quilla, porque a súa base semella un barco”.

Organistrum: Aparece en moitísimos pórticos de igrexas ao longo de todo o Camiño de Santiago, dende Francia ata Compostela. O grupo emprega unha reprodución do do Pórtico da Gloria. Neste instrumento aparece por primeira vez o caravilleiro sobre un instrumento de cordas e un arco perpetual: a roda.

“Impresiona a súa presenza porque é un instrumento que cando está no grupo centra a mirada do público pola súa fermosura e volume”.

Zanfona: Instrumento de corda formado por un resoador e un pequeno teclado que se acciona fretando as cordas cunha roda

untada de colofonia que funciona movida por un manubrio situado na parte dereita do resoador. O modelo que emprega o grupo é propio da música galega dos séculos XVIII-XIX.

“O que atrae o público é o xeito como se toca, ademais da súa presenza. Que unha roda xire e produza son é moi sorprendente para a xente. Non é tan coñecido como cremos e ten ese punto de atracción cara ao público”.

Arpas: O grupo emprega dúas reproducións deste instrumento: unha propia da Idade Media, pertencente ao pazo de Xelmírez, do século XIII, que é de 15 cordas; e outra gótica, unha réplica da arpa que aparece no tríptico *A Virxe co neno*, do século XVI, da capela do Condestable na catedral de Burgos.

Laúde: Instrumento musical de corda coa caixa de resonancia oval, cóncava e prominente, que se toca punteando ou ferindo as cordas. Xunto co órgano e o clave convértese nun dos instrumentos máis importantes do Renacemento.

“Destaca pola súa calidez de son. Usámolo como solista para acompañar as voces en cancións líricas e expresivas. Soprano e laúde é unha combinación que gusta moito”.

Cítara: É un instrumento de corda pulsada moi empregado para acompañar o canto. O reforzo posterior ao mastro recorda a columna dunha arpa.

Baldosa: Instrumento tamén de corda pulsada, de doce e delicado son. O seu nome aparece documentado en moitas fontes, por exemplo no *Libro de buen amor*, do Arcipreste de Hita.

“Ten un timbre moi cálido o mesmo que os laúdes, e de moi pouquiño volume, por iso sempre a usamos con moi pouca formación instrumental. Sorprende moito o seu nome”.

Chirimía: Instrumento de sopro, de orixe oriental e precursor dos óboes e dos instrumentos de lingüeta. Moi empregado en música eclesiástica nas capelas das catedrais españolas dende o século XV ata o XVIII.

“Impresiona o seu volume, a súa potencia e o seu son áspero. Usámola en momentos moi especiais e en pezas escollidas, non durante todo o concerto”.

Dulcema: Podería ser o afastado antepasado do clavicordio e do piano. É un instrumento de corda percutida que adoptou diferentes formas, aínda que a máis común é a trapezoidal. O grupo utiliza unha réplica que se atopa nunha miniatura de *Les échecs amoureux*, de comezos do século XVI.

“Sorprende a súa sonoridade porque queda moito tempo no ambiente; envólveo todo porque tamén ten un timbre moi especial”.



EN BREVE

ELES E ELAS CÓNTANOLO

DENDE O PARAÍSO



NOME: Pablo Laranxo Campaña

IDADE: 25

OCUPACIÓN: Estudante, músico e camareiro

POR QUE VAS AO TEATRO: Porque é outra forma distinta de ver a vida.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *Romeo e Xulieta*, de Teatro do Noroeste.



NOME: Abraham Pérez Navarro

IDADE: 33

OCUPACIÓN: Actor e pallaso

POR QUE VAS AO TEATRO: Porque é a miña vida, dedícome a isto.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *Desesperadas*, da compañía catalá H₂O Clown.



NOME: María Caheda Pérez

IDADE: 30

OCUPACIÓN: Arqueóloga

POR QUE VAS AO TEATRO: Porque me gusta moito a creatividade e fai que me divirta moito.

ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *30.000*, de Pisando Ovos.

GALITOOON REPRESENTA A GALICIA NA FEIRA DE TEATRO DE CASTELA E LEÓN

A compañía Galitooon, co seu espectáculo *Golulá*, foi a representante galega na décima edición da Feira de Teatro de Castela e León, que se desenvolveu do 21 ao 25 de agosto en Ciudad Rodrigo. Esta montaxe dirixida ao público infantil, que mestura teatro de actor e teatro negro con monicreques de gran tamaño, foi unha das 26 seleccionadas entre as máis de catrocentas propostas enviadas dende diferentes países á organización desta feira, que presta unha especial atención ao teatro pensado para os espectadores máis novos.

XIRA CHINESA DO QUINTETO DE VENTO COMPOSTELÁN PENTAFONÍA

O quinteto de vento Pentafonía viaxou o pasado mes de agosto á China para ofrecer varios concertos nas proximidades de Pequín nunha xira organizada pola discográfica valenciana Consolat de Mar. O quinteto compostelán, que participou na programación do primeiro semestre do ano da Rede Galega de Teatros e Auditorios cun amplo repertorio que abrangue dende o Renacemento ata a música contemporánea, está integrado por David Martínez Lombardía (fauta), J. Manuel Abad Rosales (óboe), Martín Baleirón Frieiro (clarinete), Samuel Péres Llobel (trompa) e J. Alejandro Vacárcel Moura (fagot).

MARUXA SALAS, MELLOR INTERPRETACIÓN DE DANZA MODERNA NO CERTAME BURGOS-NEW YORK

Maruxa Salas e Manuel Garzón recibiron o premio á mellor interpretación *–ex aequo* co holandés Antón Valdbauer– na pasada edición do Certame Internacional de Coreografías Burgos-New York pola posta en escena de *Caracola*, peza que a coreógrafa e bailarina ourensá creou xunto a Erick Jiménez. Esta obra, que obtivo tamén o premio do público no Certame Coreográfico de Sevilla, foi unha das 16 propostas preseleccionadas na categoría de danza moderna, que reuniu traballos chegados de diferentes puntos de España, Dinamarca, Finlandia, Francia, Holanda, Reino Unido, México, Estados Unidos, Israel e Xapón.

LAGARTA LAGARTA RECIBE O PREMIO DO PÚBLICO DA MOSTRA DE RIBADAVIA

A compañía Lagarta Lagarta foi galardoada co Premio do Público na XXIII Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia polo seu espectáculo *As últimas lúas*, interpretado por Ernesto Chao, Rosa Álvarez e Artur Trillo, e dirixido por Xúlio Lago. Este último foi, ademais, recoñecido co Premio de Honra do certame polo conxunto da súa traxectoria profesional, mentres que o Premio do Xurado ao mellor espectáculo foi para *Cantando baixo las balas*, da madriña K. Producciones.

O FESTICLOWN PROMOVE A CREACIÓN DE “ESTELA”, PRIMEIRA REDE DE FESTIVAIS DE MAXIA E CLOWN

O Festival Internacional de Clown de Galicia (Festiclown), que celebrou a súa última edición en Compostela do 30 de xullo ao 5 de agosto, acaba de poñer en marcha o proxecto Estela, Rede de Festivais de Maxia e Clown, xunto cos outros dous destacados festivais que, neste ámbito artístico, se celebran no Estado español: a Fira Mágica de Santa Susana (Barcelona) e o Magiclown de Sant Josep (Eivisa). A coprodución do espectáculo *A saúde é o primeiro*, da compañía galega Os Sete Magníficos Máis Un, é unha das primeiras iniciativas de Estela, que xorde co obxectivo de unir esforzos na promoción de actividades, así como na coordinación e optimización de recursos para a difusión da maxia e do clown.

A EXPOSICIÓN CONMEMORATIVA DOS 125 ANOS DE TEATRO GALEGO EXHIBIRASE EN 11 LOCALIDADES

A exposición *Un país desde as táboas. 125 anos de teatro galego* exhibirase nun total de 11 localidades ata finais de ano no marco da programación que a Consellaría de Cultura está a desenvolver para conmemorar o aniversario da primeira representación dunha obra de teatro en galego, *A fonte do xuramento*, de Francisco M^a de la

Iglesia. A través de seis microespazos que acollen un variado material gráfico e audiovisual, a mostra ofrece un percorrido polos grandes períodos da nosa historia dramática. Tras visitar Ribadavia, A Coruña e Cee, a exposición poderá visitarse no Carballiño (do 3 ao 16 de setembro), Vigo (24-30 setembro), O Barco (2-10 outubro), Carballo (11-21 outubro), Compostela (23 outubro-11 novembro), Lugo (13-15 novembro), Pontevedra (27 novembro-9 decembro) e Narón (11-23 decembro).

PONSE EN MARCHA O OBSERVATORIO CULTURAL DE GALICIA

A Consellaría de Cultura e Deporte, en colaboración co Consello da Cultura Galega (CCG) e o Instituto Galego de Estatística (IGE), porá en marcha o Observatorio Cultural de Galicia coa finalidade de dotar o sistema cultural galego dun procedemento de análise e avaliación rigoroso, independente e continuado da situación da nosa cultura. O Observatorio, que estará inserido na estrutura do Consello da Cultura, tratará de encher o baleiro de información existente sobre a cultura a través dun método rigoroso e estándar de recolleita de información para o desenvolvemento de políticas públicas neste eido.



NOME: Lidia Pereiro Expósito
IDADE: 24
OCUPACIÓN: Opositora
POR QUE VAS AO TEATRO: Porque me gusta ver espectáculos en vivo e en directo.
ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *Esperando a Godot*, no ciclo de teatro universitario.



NOME: Marco Cassano
IDADE: 35
OCUPACIÓN: Escultor
POR QUE VAS AO TEATRO: Porque me parece moi interesante, gústanme todas as manifestación artísticas e culturais.
ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *O regreso ao deserto*, do CDG.



NOME: Marián Gago García
IDADE: 29
OCUPACIÓN: Azafata
POR QUE VAS AO TEATRO: Gústame máis que o cine porque ten máis encanto ao estar máis cerca do público.
ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *Romeo e Xulieta*, de Teatro do Noroeste.



NOME: Eva Díaz Torres
IDADE: 32
OCUPACIÓN: Deseñadora
POR QUE VAS AO TEATRO: Porque me gusta e me fai desconectar doutras cousas.
ÚLTIMA OBRA QUE VICHES: *Ojos de pez*, da Compañía Daniel Abreu.



A VOLTA AO MUNDO EN 747 COMPASES
Vocalise

Autor/Dirección: Rupert Twine / Elenco: Rupert Twine, tenor; Clara Jelihouvschi-Panas, soprano; Blanca Padín, contralto; Vital Augusto, baixo / Xénero: Música de cámara


Cuarteto vocal, formado por unha soprano, unha contralto, un tenor e un baixo. Empregan un pequeno equipo de amplificación e efectos que os dota das prestacións dun gran conxunto vocal, pero cun resultado moito máis brillante e cheo de matices e efectos. Presentan varios programas en función dos gustos e circunstancias do acto.



CONCERTO DE VENTO METAL
Quinteto de vento metal Santa Cecilia

Autor/Dirección: Miguel Brotons / Elenco: Dúas trompetas, trompa, trombón e tuba / Xénero: Música de cámara

O quinteto interpreta pezas de diversos autores de música dende a época barroca ata temas do século XX. É un dos grupos máis antigos de Galicia.



CUARTETO DE CHELOS
Chelicia, Cuarteto de Violonchelos de Compostela

Autor: Carlos García Amigo / Dirección: Carlos García Amigo / Elenco: Carlos G. Amigo, Ailsa J. R. Lewin, Palmira Martínez, Thomas Piel / Xénero: Música de cámara

Chelicia nace da inquietude de catro violonchelistas de diversas procedencias, tanto musicais como culturais: un galego, unha inglesa, unha valenciana e un alemán, compañeiros na Real Filharmonía de Galicia. Co ánimo de explorar o repertorio consagrado aos grupos de violonchelos, Chelicia aspira a ser un instrumento de achegamento destes repertorios ao público sen esquecer o idónea que resulta esta formación para combinar música con outras disciplinas artísticas, así como a posibilidade de aumentar a formación para obras específicas que así o requiran.



DÚO DOCAMPO E MIGUÉNS
Ana Docampo e Juan Enrique Miguéns

Intérpretes: Ana Docampo, soprano e Juan Enrique Miguéns, guitarra / Xénero: Música de cámara

Este dúo de soprano e guitarra presenta un programa integrado polas composicións *Schwanengesang* e *Ausgewählte Lieder*, de Franz Schubert; *Tres pequeñas piezas* e *Tres canciones españolas*, de Joaquín Rodrigo; *Tres tonadillas*, de Enric Granados; *Cuatro canciones*, de Ernesto Cordero; *Aires de la Mancha*, de Federico Moreno-Torroba, e *La Rueca*, de Rogelio Groba.

+info en: www.shellyar.com



EN-TRANCE
Intermission Dúo de Percusión

Autores/Dirección: Ignacio Sanz e Pilar García Ríos
Elenco: Instrumentistas e percusión (Ignacio Sanz e Pilar García Ríos) / Xénero: Música de cámara

Espectáculo de música contemporánea para dúo de percusión que combina teatro con música. Ao longo do concerto interprétanse obras de compositores consagrados, como Xenakis ou S. S. Smith, e compositores noveis galegos, como Ignacio Sanz Santás, que compuxo expresamente para o evento seis interludios baixo o título de *Entrance*. Estas pezas guían o espectador entre a fantasía a realidade, explorando os estados da mente humana.



MÚSICA CLÁSICA GALEGA
Orquestra de Cámara Solistas de Galicia

Autor/Dirección: Mijail Moriátov / Elenco: 11 músicos de corda: violín, viola, violonchelo e contrabaixo / Xénero: Música de cámara

Música galega de Gaos, Adalid, Bal y Gay e Garaizábal para orquestra de corda.

+info en: www.mijailmoriatov.4mg.com



MÚSICA ESPAÑOLA E GALEGA (PROPOSTA 1ª)
Dúo Ad Rem

Autora/Dirección: Beatriz Rodríguez Caridad
Elenco: Beatriz Rodríguez Caridad (violín) / Xénero: Música de cámara


Beatriz Rodríguez Caridad é membro da Orquestra de Cámara Galega dende a súa fundación en 1995. Dende o ano 2003 colabora coa compañía Vira-volta en diferentes espectáculos en formación de trío e como solista. Forma dúo co pianista José Manuel Yáñez Carballeira. Dende 1998 dedícase á ensinanza e na actualidade e profesora do Conservatorio Profesional de Música da Coruña.



O NADAL NA MÚSICA ANTIGA
Grupo de Música Antiga 1500

Autor/Dirección: Andrés Díaz Pazos / Elenco: María Giménez (canto e percusión), Belén Bermejo (canto e arpa), Xurxo Lois Varela (viola de gamba, baixo, frautas), José Ignacio Castro (sacabuxa e frautas), Víctor Blanco (guitarras renacentista e barroca, percusión) e Andrés Díaz (frautas, viola antiga, chirimía, guitarra renacentista e arpa) / Xénero: Música de cámara

Dende a panxoliña máis desenfadada, xovial e rítmica, ata as pezas máis líricas e tenras dedicadas ao Neno Xesús, pasando por sublimes polifonías sagradas, todo tivo cabida na imaxinación destes músicos. O programa do grupo 1500 fai unha incursión neste eido, dende diferentes e variados enfoques, tentando que o público se entreteña e coñeza mellor a música dunha época, nun momento do ano tan propicio e axeitado como o Nadal.



PEQUENA SERENATA NOCTURNA
Codetta, Orquestra de Cámara

Autora/Dirección: Victoria Jurov / Elenco: Victoria Jurov, violín; Hayk Manukyan, violín; Benjamin Smith, violín; Victoria González, violín; Timor Sadykov, violín; Lilia Chirilov, violín; Marcelo González, violín; Natalia Madisson, viola; Andrei Kevorkov, viola; Wladimir Litvihk, violonchelo / Xénero: Música de cámara

Esta coñecidísima composición de 1787, a máis típica entre a lexión de Divertimenti e Serenatas de W. A. Mozart, é un modelo no xénero pola súa perfección formal, unida á beleza das melodías e a unha economía de medios que a converten en algo absolutamente perfecto. *A Pequena serenata nocturna* é unha obra que debemos atribuír a ese home pícaro que nunca deixou de ser Mozart en toda a súa vida. A frescura, a limpidez e a alegría están omnipresentes.



RECITAL DE CANCIÓN GALEGA E ZARZUELA
Capriccio Vocale

Autora/Dirección: Olga Raíces / Elenco: Olga Raíces (soprano), Fernando Enseñat-Berea (barítono), Julián Jesús Pérez (piano) / Xénero: Música de cámara

O trío Capriccio Vocale xorde en 1999 como consecuencia da amizade entre os seus compoñentes. Está integrado por Olga Raíces (soprano), Fernando Enseñat-Berea (barítono) e Julián Jesús Pérez (piano). O seu repertorio é diverso: lírica galega, canción española de concerto, zarzuela e cancións do Nadal.

Capriccio Vocale é unha expresión de amizade compartida e do pracer de facer música en equipo.



QUE EU SEI MUIT'AMAR. O AMOR CORTÉS NA EUROPA MEDIEVAL
Grupo de Música Antiga Martín Códax

Autores/Dirección: Miguel Ángel López Fariña e Fernando Olbés Durán / Elenco: Fernando Olbés (tenor), Paula Corujo (soprano), Roberto Sala (chirimía, frautas percusión), Carlos Castro (percusións e dulcema), Ana Sánchez (soprano), Miguel A. López (fídulas, arpas e organistrum), Francisco J. González (baldosa, cítara), Philippe Copin (zanfona) e Andrés Díaz (frautas, chirimía e laúde) / Xénero: Música de cámara

O programa xira en torno ao repertorio cortés románico e boa parte do latino medieval que se difundía oralmente e era composto para ser cantado. De todo o repertorio galaico-portugués que chegou ata nós soamente se conservan coa música escrita seis cantigas de amigo de Martín Códax e sete cantigas de amor do Rei Dom Denis de Portugal. Un percorrido pola poesía amorosa galaico portuguesa tomando como centro as sete cantigas do Rei Dom Denis xunto con cantigas de Martín Códax, Johan Airas, Roi Fernandez de Santiago, Airas Nunez e Afonso Eanes de Coton.

www.galescena.info

70 formacións artísticas
78 espectáculos
324 funcións

ponte en escena!!

Programación setembro-decembro 2007

Teatro de actor

Teatro de monicreques

Música de cámara

Danza

ARTEIXO
BETANZOS
CARBALLO
CEE
A CORUÑA
CULLEREDO
OLEIROS
SADA

CEDEIRA
FERROL
NARÓN
ORTIGUEIRA
AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ
SAN SADURNÍO

AMES
BOIRO
A ESTRADA
LALÍN
MUROS
NOIA
SANTIAGO DE COMPOSTELA

BURELA
FOZ
LUGO
MONFORTE DE LEMOS
RIBADEO
VILALBA
VIVEIRO

O BARCO DE VALDEORRAS
O CARBALLÍO
OURENSE
RIBADAVIA
TEATRO PRINCIPAL DE OURENSE

CANGAS
GONDOMAR
PONTEAREAS
REDONDELA
TUI
VIGO
VIGO. CAIXANOVA

CAMBADOS
PONTEVEDRA
SANXENXO
VILAGARCÍA DE AROUSA



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS